

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**

ORDE do 16 de xuño de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca o procedemento para a concesión de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social, con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto de sociedades xestionado por esta consellería (código de procedemento BS623D).

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social. Esta competencia correspóndelle á Consellería de Política Social e Igualdade, que asume a proposta e a execución das directrices xerais do Goberno no dito ámbito ao abeiro do disposto no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia; no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade.

As subvencións con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto de sociedades constitúen unha vía esencial de sostemento das axudas públicas para a realización de programas de interese xeral que, en Galicia, posibilita a execución, no ano 2025, de investimento e programas cun financiamento superior aos 33 millóns de euros, o que permite concluír que esta actividade de fomento da Administración constitúe, na nosa comunidade, un verdadeiro instrumento de vertebración social no marco da asignación tributaria que a cidadanía realiza na súa declaración anual da renda.

Así, nesta orde establécense as bases reguladoras e procédese á convocatoria de subvencións ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro, destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social, con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto de sociedades.

Existe crédito dispoñible para esta finalidade na Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

CVE-DOG: crlbj5q6-x8w8-6xu0-69v0-usbzpubyfn77



Esta orde de convocatoria axústase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e normas de desenvolvemento; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Na súa virtude, e en uso das facultades que teño atribuídas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia; polo Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e polo Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade,

RESOLVO:

Artigo 1. *Obxecto e procedemento*

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras e proceder á convocatoria, para o ano 2025, das axudas para a realización de programas de interese xeral que atenden fins de carácter social con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto de sociedades xestionado pola Consellería de Política Social e Igualdade e cuxo obxecto sexa o sinalado no artigo 5.

2. O procedemento será tramitado en réxime de concorrencia competitiva, ao abeiro do disposto no artigo 19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a súa xestión realizarase de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

3. Terá o código de procedemento BS623D para os efectos de identificación na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) e o acceso aos formularios de inicio específicos, de uso obrigatorio.

Artigo 2. *Financiamento*

1. Para o financiamento desta convocatoria destínase, con cargo á anualidade 2025, crédito por importe total de trinta e tres millóns douscentos oitenta e un mil setecentos

CVE-DOG: crlbj5q6-x8w8-6xu0-69v0-usbzpubbyfn77



cincuenta euros con cincuenta céntimos (33.281.750,50 €), consignado nas aplicacións orzamentarias seguintes en función das liñas de actuación subvencionables relacionadas no artigo 5.

Liñas de actuación	Aplicación	Importe €
Liña I. Actuación no ámbito da familia, infancia e dinamización demográfica	08.02.312B.481.1	2.333.015,00
Liña II. Actuacións de inclusión social	08.03.313C.481.6	9.053.585,20
Liña III. Actuacións de promoción da autonomía persoal e apoio de persoas con discapacidade	08.04.312E.481.1	6.582.966,00
Liña IV. Proxectos de investimento e adecuación de centros e unidades de atención destinados a persoas con discapacidade	08.04.312E.781.0	4.390.120,00
Liña V. Proxectos de investimento e adecuación de centros e unidades de atención destinados a persoas en situación ou risco de exclusión social	08.03.313C.781.0	2.242.233,75
Liña VI. Actuacións de promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e loita contra a violencia de xénero	08.07.313B.481.2	1.344.018,51
Liña VII. Actuacións de promoción da autonomía persoal e apoio a persoas maiores e a persoas dependentes	08.05.312E.481.1	4.528.610,00
Liña VIII. Proxectos de investimento e adecuación de centros e unidades de atención destinados a persoas maiores e a persoas dependentes	08.05.312E.781.1	2.131.111,00
Liña IX. Proxectos de investimento e adecuación de centros destinados á infancia, do sistema de protección e reforma xuvenil	08.02.312B.781.0	676.091,04
Total		33.281.750,50

O crédito da aplicación orzamentaria 08.03.313C.481.6 dedicarase ás actuacións comprendidas dentro da liña II: Actuacións de inclusión social relacionadas no anexo I, no cal se recollen todas as liñas, actuacións e programas subvencionables. Do importe total consignado na dita aplicación destinarase unha contía de 2.400.000,00 € ás actuacións de tipoloxía II.1. Programas de atención ás necesidades básicas; unha contía de 1.830.000,00 € ás actuacións de tipoloxía II.2. Actuacións dirixidas a persoas sen fogar e en exclusión residencial grave, e unha contía de 4.823.585,20 € ao resto de programas dirixidos á inclusión social previstos nesta liña.

De non se esgotar todo o crédito destinado ás actuacións dunha determinada tipoloxía da liña II, o crédito restante distribuiranse entre o resto de actuacións desa liña, en función da puntuación obtida de acordo co artigo 13.

2. De conformidade co establecido no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, excepcionalmente poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles cando o aumento veña derivado dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito, ou ben



cando existan remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo. O incremento do crédito queda condicionado á declaración de dispoñibilidade como consecuencia das circunstancias sinaladas e, se é o caso, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda. A ampliación do crédito publicárase nos mesmos medios que a convocatoria, sen que implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo do prazo para resolver.

3. Así mesmo, sen prexuízo do disposto no número 1, poderase reaxustar o crédito entre as distintas aplicacións orzamentarias, no caso de resultar remanente nalguna delas segundo o previsto no artigo 13.7, despois da tramitación da correspondente modificación, de ser o caso.

Artigo 3. *Compatibilidade das axudas*

1. A percepción destas axudas é compatible con outras subvencións, axudas e ingresos ou recursos, para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado.

Non obstante, estas axudas concedidas para o mesmo programa, actuación ou actividade dentro da liña VI: Actuacións de promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e loita contra a violencia de xénero, son incompatibles coas subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade, convocadas anualmente pola Consellería de Política Social e Igualdade (SI427A).

2. O importe da subvención concedida non poderá ser en ningún caso de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo do correspondente programa. En caso contrario, esta subvención reducirase na cantidade necesaria ata acadar o cumprimento do establecido anteriormente.

3. No caso de solicitante/s que sexa/n perceptor/es doutras axudas para a mesma finalidade, concedidas por outra entidade, deberán acreditar documentalmente a súa natureza e contía, así como calquera circunstancia que poida afectar substancialmente a execución das actuacións. En todo caso, deberá/n facerse consta de forma clara o/os concepto/s e a/as partida/s de gasto afectada/s, así como o/os importe/s imputado/s a cada unha delas. A

CVE-DOG: crlbj5q6-x8w8-6xu0-69v0-usbzpubbyfn77



comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade ao remate do prazo de xustificación establecido nos artigos 5.1 e 23.4 desta orde.

Artigo 4. *Entidades beneficiarias*

1. Poderán ser beneficiarias destas axudas as entidades do terceiro sector de acción social definidas no artigo 2 da Lei 43/2015, do 9 de outubro, do terceiro sector de acción social, e a Cruz Vermella Española, sempre que reúnan os seguintes requisitos, sen prexuízo de cumprir o establecido no artigo 5 para cada liña de actuación que se vai subvencionar, se é o caso:

a) Estar legalmente constituídas con dous anos de antelación á data de publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* e debidamente inscritas no correspondente rexistro administrativo de ámbito autonómico.

A/as entidade/s solicitante/s de axudas para a realización de programas recollidos nas liñas I, II, III e VII, e/ou a execución de proxectos de investimento recollidos nas liñas IV, V, VIII e IX, deberá/n estar inscrita/s no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) da Consellería de Política Social e Igualdade.

A/as entidade/s solicitante/s de axudas para a realización de programas na liña VI deberá/n estar inscrita/s na Área de Igualdade do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) da Consellería de Política Social e Igualdade.

O cumprimento do requisito de inscrición no correspondente rexistro administrativo de ámbito autonómico será comprobado de oficio pola Administración convocante.

No caso de federacións, confederacións ou outras formas de agrupación con personalidade xurídica de recente creación, entenderase cumprido o requisito sempre que o cumpran cada unha das entidades integrantes que participen na execución dos programas/proxectos para os cales se solicita a axuda e a dita agrupación presente a solicitude de inscrición no rexistro correspondente dentro do prazo de presentación de solicitudes.

No caso de entidades de nova creación legalmente constituídas que se subroguen nos dereitos e obrigas de entidades que xa estean constituídas legalmente, entenderase cumprido o requisito sempre que a entidade transmitente estivese constituída con dous anos

CVE-DOG: crlbj5q6-x8w8-6xu0-69v0-usbzpubbyfn77



de antelación á data de publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* e debidamente inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais. A nova entidade, en todo caso, deberá solicitar a súa inscrición no rexistro correspondente dentro do prazo de presentación de solicitudes.

b) Carecer de ánimo de lucro. Para estes efectos, a entidade solicitante acreditará que non reparten beneficios; que, no caso de liquidación ou disolución desta, o seu patrimonio se destina a fins sociais e que os membros do seu padroado e/ou órgano de goberno desenvolven o seu obxectivo con carácter gratuíto, de conformidade co disposto no seus estatutos e co disposto nos números 2, 5, 6 e 10 do artigo 3 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

c) Non encontrarse en ningunha das situacións establecidas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. A acreditación de non estaren incursas nas ditas circunstancias realizarase mediante declaración responsable da persoa representante da entidade.

d) Figurar nos estatutos da/das entidade/s solicitante/s cuxos fins institucionais corresponden á realización e á execución de programas sociais de similar natureza que os programas de interese xeral, para fins de carácter social, para os cales solicitan a subvención.

e) Acreditar experiencia e especialización durante un prazo mínimo de dous (2) anos, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, na xestión e execución de, cando menos, un programa dos definidos na mesma liña do anexo I á cal concorre, e que se posúen os medios persoais e materiais necesarios para iso, mediante declaración responsable do representante legal.

No caso de que se solicite axuda para un proxecto de investimento da liña IV, deberá acreditar a citada experiencia e especialización na xestión e execución de, cando menos, un programa dos definidos na liña III do dito anexo I.

No caso de que se solicite axuda para un proxecto de investimento da liña V, deberá acreditar a citada experiencia e especialización na xestión e execución de, cando menos, un programa dos definidos na liña II do dito anexo I.

No caso de que se solicite axuda para un proxecto de investimento da liña VIII, deberá acreditar a citada experiencia e especialización na xestión e execución de, cando menos, un programa dos definidos na liña VII do dito anexo I.

CVE-DOG: crlbj5q6-x8w8-6xu0-69v0-usbzpubbyfn77



No caso de federacións, confederacións ou outras formas de agrupación con personalidade xurídica, de recente creación, entenderase cumprido o requisito sempre que o cumpran cada unha das entidades integrantes que participen na execución dos programas/proxectos para os cales se solicita a axuda.

No caso de entidades de nova creación, legalmente constituídas, que se subroguen nos dereitos e obrigas doutras entidades constituídas legalmente, entenderase cumprido o requisito se o cumpría a entidade transmitente.

2. Todos os requisitos sinalados se deberán cumprir na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes e se deberán manter durante todo o período de execución do programa/proxecto subvencionado.

3. No caso de entidades que formen parte de federacións ou confederacións, a solicitude das axudas realizarase sempre a través da entidade en que estea integrada e non de forma individual.

No caso de que algunha das entidades solicitantes sexa unha federación, confederación ou persoa xurídica similar que integre no seu seo varias entidades, poderá propoñer, de entre estas, unha ou varias delas para executar o/os programa/s ou proxecto/s, as cales actuarán no nome e por conta da entidade solicitante. En todo caso, cada unha das entidades integradas que participen na execución do/dos programa/s ou proxecto/s para os cales se solicita a axuda deberá cumprir os requisitos establecidos no número 1.

No caso de que a solicitude de axudas se presente para a realización dos programas recollidos na liña VI, non é preciso que a federación, confederación ou persoa xurídica similar estea inscrita na Área de Igualdade no RUEPSS, pero si deberán estar inscritas nesta área as entidades integrantes que vaian executar o programa.

4. Dentro dos límites da lexislación autonómica, tamén poderán ser beneficiarias as agrupacións de entidades sen personalidade xurídica que recollan nos seus acordos de constitución similares fins institucionais, nos seguintes termos:

- a) Cada un dos seus membros deberá cumprir os requisitos establecidos no número 1.
- b) As entidades que se agrupan deberán achegar un acordo en que se indiquen os compromisos de execución asumidos por cada unha delas, como membro da agrupación, así



como o importe da subvención que cada unha vai aplicar. Cada unha destas entidades terá a condición de beneficiaria da subvención.

c) Deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poderes suficientes para cumprir coas obrigas que, como entidade beneficiaria, lle corresponden á agrupación.

d) Non se poderán disolver ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 35 e 63 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

e) Na execución de cada un dos programas ou proxectos presentados deberán participar, cando menos, o 50 % das entidades que concorren agrupadas. Pola súa vez, cada unha destas entidades deberá participar na execución destes programas ou proxectos cunha porcentaxe mínima dun 10 % do importe total do programa ou proxecto para o cal se solicita subvención.

No caso de agruparse dúas entidades, ambas deberán participar na execución de todos os programas ou proxectos que presenten, cunha porcentaxe mínima do 10 % do importe total de cada un dos programas ou proxectos para os cales se solicite subvención.

f) Estas entidades poderán solicitar axudas de forma individual ou agrupadas, tendo en conta que cada unha delas cumpra os requisitos e o número de programas ou proxectos establecidos no artigo 5 para cada unha das liñas de actuación.

A entidade que figure como solicitante será única e plenamente responsable da agrupación ante a Consellería de Política Social e Igualdade, sen prexuízo da responsabilidade de cada unha das outras entidades membro da agrupación, tal e como establecen os artigos 8.3, 36.2 e 51.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

5. Non se entenderán incluídos dentro da tipoloxía destas entidades do terceiro sector de acción social os organismos ou entidades de dereito público adscritos ou vinculados a unha Administración pública; as universidades; os partidos políticos e as fundacións deles dependentes; os colexios profesionais; as cámaras oficiais de comercio, industria e navegación; as sociedades civís; as organizacións empresariais e os sindicatos, e outras entidades con análogos fins específicos e natureza que os citados anteriormente.

CVE-DOG: crlbj5q6-x8w8-6xu0-69v0-usbzpubbyfn77



Artigo 5. *Requisitos e importe dos programas e actuacións subvencionables*

1. As subvencións destinaranse a programas ou proxectos de interese xeral que teñan fins de carácter social. O contido dos programas ou proxectos deberá axustarse aos requisitos establecidos para as liñas de actuación sinaladas a continuación, segundo a tipoloxía de cada programa ou proxecto.

Os programas ou proxectos desenvolveranse no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia durante o ano 2026 e a data límite de presentación da documentación xustificativa é o 15 de marzo de 2027, segundo o estipulado no artigo 23.

2. O importe mínimo que se pode solicitar como subvención por cada programa/proxecto será de 5.000,00 €.

O ámbito de actuación, autonómico ou local/provincial, da federación, confederación, agrupación, entidade ou asociación determinará o número máximo de programas e proxectos para os cales se poderá obter subvención, así como a contía máxima que se concederá para cada un deles.

Dentro de cada unha das liñas de actuación será o seguinte:

a) Para a liña I: Actuacións no ámbito da familia, infancia e dinamización demográfica:

1º. Ámbito local ou provincial: poderán presentar un máximo de dous (2) programas. Cada programa poderá ser subvencionado cunha contía máxima de 60.000,00 €.

2º. Ámbito autonómico: poderán presentar un máximo de cinco (5) programas. Cada programa poderá ser subvencionado cunha contía máxima de 130.000,00 €.

b) Para a liña II: Actuacións de inclusión social:

1º. Programas dirixidos a cubrir necesidades básicas:

1º.1. Ámbito local ou provincial: poderán presentar un (1) programa como máximo. O programa poderá ser subvencionado cunha contía máxima de 60.000,00 €.

1º.2. Ámbito autonómico: poderán presentar un máximo dun (1) programa. Cada programa poderá ser subvencionado cunha contía máxima de 500.000,00 €.



2º. Programas dirixidos a persoas sen fogar:

2º.1. Ámbito local ou provincial: poderán presentar un (1) programa como máximo. O programa poderá ser subvencionado cunha contía máxima de 225.000,00 €.

2º.2. Ámbito autonómico: poderán presentar un máximo de dous (2) programas. Cada programa poderá ser subvencionado cunha contía máxima de 225.000,00 €.

3º. Resto de programas dirixidos á inclusión social das persoas en situación ou risco de exclusión social:

3º.1. Ámbito local ou provincial: poderán presentar un máximo de dous (2) programas. Cada programa poderá ser subvencionado cunha contía máxima de 50.000,00 €.

3º.2. Ámbito autonómico: poderán presentar un máximo de catro (4) programas. Cada programa poderá ser subvencionado cunha contía máxima de 200.000,00 €.

c) Para a liña III: Actuacións de promoción da autonomía persoal e apoio de persoas con discapacidade, e liña VII: Actuacións de promoción da autonomía persoal de apoio a persoas maiores e a persoas dependentes:

1º. Ámbito local ou provincial: poderán presentar un máximo de dous (2) programas por cada liña de actuación. Cada programa poderá ser subvencionado cunha contía máxima de 40.000,00 €.

2º. Ámbito autonómico: poderán presentar un máximo de oito (8) programas por cada liña de actuación. Cada programa poderá ser subvencionado cunha contía máxima de 300.000,00 €.

d) Para a liña IV: Proxectos de investimento e adecuación de centros e unidades de atención destinados a persoas con discapacidade, e liña VIII: Proxectos de investimento e adecuación de centros e unidades de atención destinados a persoas maiores e persoas dependentes:

1º. Ámbito local ou provincial: só poderán presentar un (1) proxecto de investimento. O proxecto poderá ser subvencionado cunha contía máxima de 50.000,00 €.

CVE-DOG: crlbj5q6-x8w8-6xu0-69v0-usbzpubyfn77



2º. Ámbito autonómico: poderán presentar un número máximo de proxectos de investimento equivalente ao 50 % do número de entidades que as integren. Cada proxecto poderá ser subvencionado cunha contía máxima de 150.000,00 €.

e) Para a liña V: Proxectos de investimento e adecuación de centros e unidades de atención destinados a persoas en situación ou risco de exclusión social:

1º. Ámbito local ou provincial: poderán presentar un máximo dun (1) proxecto. Cada proxecto poderá ser subvencionado cunha contía máxima de 50.000,00 €.

2º. Ámbito autonómico: poderán presentar un máximo de dous (2) proxectos. Cada proxecto poderá ser subvencionado cunha contía máxima de 150.000,00 €.

f) Para a liña VI: Actuacións de promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e loita contra a violencia de xénero:

1º. Ámbito local ou provincial: poderán presentar un máximo dun (1) programa. Cada programa poderá ser subvencionado cunha contía máxima de 75.000,00 €.

2º. Ámbito autonómico: poderán presentar un máximo dun (1) programa. Cada programa poderá ser subvencionado cunha contía máxima de 75.000,00 €.

g) Para a liña IX: Proxectos de investimento e adecuación de centros destinados á infancia, do sistema de protección e reforma xuvenil:

1º. Ámbito local ou provincial: poderán presentar un máximo dun (1) proxecto de investimento por cada unha das provincias nas que desenvolva a actividade. Cada proxecto poderá ser subvencionado cunha contía máxima de 30.000,00 €.

2º. Ámbito autonómico: poderán presentar un máximo de catro (4) proxectos de investimento. Cada proxecto poderá ser subvencionado cunha contía máxima de 30.000,00 €.

3. As federacións, confederacións, agrupacións ou entidades só poderán concorrer a unha das liñas que financian proxectos de investimento: liñas IV, V, VIII e IX.

4. Para os efectos desta orde, entenderase que unha agrupación, entidade ou asociación ten ámbito autonómico cando xestionase e executase programas ou proxectos sociais

CVE-DOG: crlbj5q6-x8w8-6xu0-69v0-usbzpubyfn77



similares aos definidos no anexo I no ámbito xeográfico das catro provincias galegas durante un prazo mínimo de dous (2) anos e así o declare no formulario de solicitude (anexo II).

Para estes efectos, considerarase que os programas ou proxectos executados deberán ter unha duración mínima de 160 horas en cada provincia.

5. Será requisito común para todas as actuacións subvencionables comprendidas nesta orde nas cales participe persoal voluntario a subscrición, por parte da entidade beneficiaria, dunha póliza de seguro de accidentes e de responsabilidade civil a favor do persoal voluntario, de conformidade co previsto nos artigos 7.g) e 11.i) da Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria. En todo caso, a citada póliza responderá dos prexuízos que se poidan causar durante o desenvolvemento da actuación subvencionable.

6. Para todos os programas destinados ás actuacións de inclusión da liña II, serán requisitos comúns:

a) Os programas desenvolveranse de conformidade coas prioridades e obxectivos previstos na Estratexia de inclusión social de Galicia 2023-2030 e no Decreto 61/2016, do 11 de febreiro, polo que se define a Carteira de servizos sociais de inclusión.

b) Será requisito necesario que as persoas beneficiarias se encontren en risco ou situación de exclusión social, entendendo que a persoa se encontra nesta situación cando cumpra os requisitos previstos no artigo 3 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, ausencia ou déficit grave de recursos económicos, así como a concorrencia dalgún factor de exclusión, salvo para os programas de mediación social e/ou intercultural definidos na liña II.1, letra g), do anexo I. As entidades solicitantes acreditarán o cumprimento deste requisito mediante declaración responsable.

c) Os programas deberán describir concreta e amplamente como se van desenvolver as actuacións, indicando a denominación da actividade, o número de horas, o número de participantes, as accións de adquisición de hábitos sociais e laborais, que serán adecuadas ás necesidades do mercado e das propias persoas beneficiarias, e, de ser o caso, as accións concretas que se realizarán para acadar a inserción laboral das persoas beneficiarias. Ademais, deberán concretar o número de persoas beneficiarias, as súas características en relación coas accións que se van desenvolver e os criterios establecidos para a súa selección.

CVE-DOG: crlbj5q6-x8w8-6xu0-69v0-usbzpubyfn77



d) As persoas profesionais que leven a cabo estes programas deberán contar con experiencia e formación adecuada ao tipo de intervención que se vai realizar.

e) As entidades que resulten beneficiarias para a realización de programas que se desenvolvan en centros penitenciarios deberán contar coa preceptiva autorización da dirección do/dos centro/s de que se trate, con anterioridade ao inicio da súa posta en marcha.

7. Para os programas destinados ás actuacións de inclusión da liña II, serán requisitos específicos:

a) En relación cos programas de apoio á inclusión sociolaboral da liña II.1, letra b), do anexo I, os itinerarios deberán incluír, cando menos, as prestacións que a Carteira de servizos sociais de inclusión de Galicia considera indispensables e obrigatorias para a realización dun itinerario de inclusión, de conformidade co Decreto 61/2016, do 11 de febreiro.

Nos casos de itinerarios de inclusión básica, deberán incluír as prestacións de diagnose; deseño, seguimento e avaliación do proxecto de inclusión social; acompañamento social; accións de adquisición e/ou fortalecemento das capacidades persoais e sociais.

Nos casos de itinerarios de inclusión e transición ao emprego, deberán incluír as prestacións de diagnose; deseño, seguimento e avaliación do proxecto de inclusión social; acompañamento social; accións de adquisición e/ou fortalecemento das capacidades persoais e sociais, e as accións promotoras do acceso e permanencia no mercado laboral, entendendo que son as que a Carteira de servizos de inclusión define como tales: actuacións de formación prelaboral, orientación laboral, formación ocupacional, acompañamento laboral e todas aquelas que promovan a mellora da empregabilidade.

As persoas traballadoras que estean contratadas a xornada completa para a realización destas actuacións terán que acreditar a atención a un mínimo de 40 persoas, das cales 24 deberán ter realizadas, polo menos, as prestacións que a Carteira de servizos sociais de inclusión considera obrigatorias.

O número de persoas atendidas exixido minorarase proporcionalmente en función da dedicación horaria declarada.

Se as persoas atendidas son persoas sen fogar ou se encontran en situación de exclusión severa, circunstancia que se fará constar no momento da solicitude, exixirase, para

CVE-DOG: crlbj5q6-x8w8-6xu0-69v0-usbzpubbyfn77



unha dedicación a xornada completa, a atención de 15 persoas que deberán ter realizadas, polo menos, as prestacións obrigatorias elixidas do mesmo xeito que no punto anterior. En caso de xornadas de traballo distintas da xornada completa, farase o cálculo proporcional.

As persoas atendidas nos programas de apoio á inclusión sociolaboral non poderán participar noutros programas de apoio á inclusión sociolaboral financiados pola Consellería de Política Social e Igualdade que teñan a mesma finalidade.

A acreditación do cumprimento destes requisitos farase mediante declaración responsable da persoa representante da entidade e da persoa responsable da prestación, que xuntará a memoria de actuación segundo o anexo xustificativo extraído da aplicación informática deseñada e implantada para a xestión da Estratexia de inclusión social de Galicia 2023-2030, onde se rexistran os datos das persoas participantes no/nos programa/s.

b) En relación cos programas dirixidos a persoas sen fogar e en exclusión residencial grave da liña II.2 do anexo I, de conformidade coa descrición contida no Decreto 61/2016, do 11 de febreiro, enténdese que son programas dirixidos ás persoas sen teito, sen vivenda, con vivendas inseguras ou inadecuadas que non poden acceder ou conservar un aloxamento axeitado, adaptado á súa situación persoal, permanente e que proporcione un marco estable de convivencia, xa sexa por razóns económicas ou outras barreiras sociais ou porque presentan dificultades persoais para levar unha vida autónoma ou se se trata de persoas que precisan apoio para a súa inclusión residencial.

Os programas integrais de inclusión sociolaboral, de inclusión e transición ao emprego deberán incluír as prestacións de diagnose; deseño, seguimento e avaliación do proxecto de inclusión social e/ou laboral; acompañamento social; aloxamento completo; manutención; accións de adquisición e/ou fortalecemento das capacidades persoais e sociais, e accións promotoras do acceso e permanencia no mercado laboral.

c) En relación cos programas de reforzo socioeducativo e de formación da liña II.1, letras c) e d), do anexo I: no caso de que a entidade solicitante de axuda para a realización de programas de formación solicite tamén axuda para a realización dalgún programa de apoio á inclusión sociolaboral, ou ben teña concedida algunha axuda para a realización dun programa de apoio á inclusión sociolaboral con financiamento doutra convocatoria de axudas xestionada pola Consellería de Política Social e Igualdade, deberá acreditar que os programas de formación solicitados non están integrados entre as prestacións incluídas nos ditos programas de apoio á inclusión sociolaboral.

CVE-DOG: crlbj5q6-x8w8-6xu0-69v0-usbzpubyfn77



8. Para os programas referidos ás actuacións na liña VI: Actuacións de promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e loita contra a violencia de xénero, serán requisitos específicos que as persoas beneficiarias dos programas sexan mulleres ou persoas do colectivo LGBTI en situación de especial vulnerabilidade e as súas familias. Terán esta consideración aquelas persoas nas cales concorra algunha das seguintes circunstancias:

- a) Vítimas de violencia de xénero, de violencia doméstica ou violencia sexual.
- b) Vítimas de explotación sexual en redes de prostitución ou de trata con fins de explotación sexual.
- c) Vítimas de LGTBIfobia.
- d) Persoas transexuais.
- e) Inmigrantes, emigrantes retornadas, solicitantes de protección internacional ou refuxiadas.
- f) Pertencentes a unha minoría étnica.
- g) Dependentes do consumo de substancias tóxicas ou en procesos de rehabilitación.
- h) Perceptoras de rendas de integración, subsidios ou prestacións similares.
- i) Reclusas ou exreclusas.
- j) Procedentes de institucións de protección ou reeducación de menores.
- k) Con discapacidade, enfermidade ou trastorno de saúde mental, cancro ou outra enfermidade grave que requira ingreso hospitalario de longa duración.
- l) Con responsabilidades familiares non compartidas.
- m) Procedentes de núcleos familiares con ingresos inferiores a 2,5 veces o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM).
- n) Embarazadas ou lactantes sen apoio familiar.



o) Sen fogar ou que habitan nunha infravivenda ou afectada por un proceso de desafiu-zamento.

p) Maiores ou viúvas.

q) Sen titulación ou con baixa cualificación.

r) Desempregadas menores de 30 anos ou maiores de 45 anos.

s) Inactivas ou desempregadas de longa duración.

t) Con residencia en concellos rurais de zonas pouco poboadas de baixa densidade (ZPP), segundo os estudos publicados polo Instituto Galego de Estatística, e que se poden consultar no portal web <https://igualdade.xunta.gal/es>

As entidades beneficiarias acreditarán o cumprimento destes requisitos mediante decla-ración responsable da persoa representante da entidade.

Artigo 6. *Gastos subvencionables*

1. Para os efectos desta orde, consideraranse gastos subvencionables os que conten coas seguintes características:

a) Que, de maneira indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada ao abeiro do correspondente programa/proxecto e resulten estritamente necesarios.

b) Que se efectúen dentro do ano 2026 e sexan efectivamente pagados con anteriori-dade á finalización do prazo de xustificación establecido no artigo 23.4, agás os impostos imputables á dita actividade reivindicados con posterioridade á súa finalización e os gastos relacionados cos honorarios derivados da xustificación, baixo a modalidade de conta xus-tificativa con achega de informe de auditoría, recollida no artigo 23.5.

c) Que teñan a seguinte natureza:

1º. Gastos do persoal da entidade:

Polo que respecta ao persoal laboral da entidade, será subvencionable o custo total, que abranguerá as retribucións, indemnizacións e os custos de Seguridade Social corres-pondentes á entidade.



O importe das subvencións destinadas a financiar as retribucións do persoal laboral imputables á execución dos programas estará limitado polas contías determinadas para os diferentes grupos profesionais que se detallan nos convenios colectivos de aplicación en cada caso, incrementado nun máximo dun 15 %, de ser o caso.

Para xornadas inferiores á completa, realizarase o cálculo proporcional.

2º. Gastos do persoal contratado en réxime de arrendamento de servizos: no relativo aos gastos do persoal contratado en réxime de arrendamento de servizos, serán subvencionables as retribucións deste persoal, que quedarán afectadas, con carácter xeral, polas limitacións sinaladas para o persoal laboral.

Esta modalidade admitirase nos casos en que, polas especiais características do programa/proxecto, non resulte axeitado o desenvolvemento das actividades concretas de que se trate por parte do persoal suxeito á normativa laboral.

Estas retribucións quedarán tamén afectadas, con carácter xeral, polas limitacións sinaladas no ordinal anterior.

3º. Axudas de custo e gastos de viaxe: serán subvencionables dentro desta partida as axudas de custo e gastos de viaxe do persoal adscrito ao programa/proxecto.

A contía das axudas de custo será a equivalente á establecida para o grupo 2 no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, de indemnizacións por razóns do servizo ao persoal con destino na Comunidade Autónoma de Galicia, actualizado polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 23 de novembro de 2023, publicado pola Resolución do 24 de novembro de 2023, daquela Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda e Administración Pública.

Polo que se refire ás axudas de custo no estranxeiro, observarase o disposto no Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, e a contía destas será a equivalente á establecida para o grupo 2 no referido Decreto 144/2001, do 7 de xuño, actualizado polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 23 de novembro de 2023.

As axudas de custo serán subvencionables sempre que non superen o 10 % do importe da subvención concedida para o desenvolvemento do programa/proxecto, logo da súa reformulación ou modificación, de ser o caso, de acordo co establecido no artigo 20.2.

CVE-DOG: crlbj5q6-x8w8-6xu0-69v0-usbzpubyfn77



4º. Gastos de xestión e administración directamente relacionados co funcionamento habitual da entidade solicitante, incluídos os custos xerais de estrutura necesarios e indispensables para a súa axeitada preparación ou execución, sempre que non superen o 20 % do importe da subvención finalmente concedida para o desenvolvemento do programa/proxecto, logo da súa reformulación ou modificación, de ser o caso, de acordo co establecido no artigo 20.2.

5º. Gastos derivados de auditorías externas sobre a xestión do/dos programa/s ou proxecto/s por parte da entidade, gastos derivados da revisión da conta xustificativa e da emisión do informe de auditoría e/ou gastos derivados da implantación de procedementos de calidade.

6º. Gastos dos proxectos de investimento no caso das liñas de actuación IV, V, VIII e IX: na execución de obras, o importe total dos custos xerais (tales como honorarios de arquitectos e enxeñeiros) non poderá superar o 12 % do importe total da subvención finalmente concedida para o desenvolvemento do proxecto.

7º. Bolsas de asistencia dirixidas a promover a participación das persoas beneficiarias nos programas de formación. A contía non poderá ser superior a 6,00 €/día.

8º. Outros gastos correntes directamente relacionados coa actuación subvencionada.

9º. Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals e os gastos periciais para a realización dos proxectos de investimento no caso das liñas de actuación IV, V, VIII e IX, se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a súa adecuada preparación ou execución.

2. Non serán subvencionables os gastos orixinados polas actividades realizadas polas persoas na súa condición de membros das xuntas directivas ou consellos de dirección das entidades beneficiarias.

3. Atendendo á natureza das actividades, as entidades beneficiarias poderán concertar con terceiros a execución total ou parcial das actividades que conforman o programa ou proxecto subvencionado, de acordo co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e demais normativa de aplicación, e logo de comunicación ao órgano concedente.



Para estes efectos, entenderase por subcontratación o feito de que a actividade principal que conforma o programa ou proxecto subvencionado a executen unha ou varias persoas xurídicas distintas da subvencionada, é dicir, cando a entidade se limite a obter a subvención e actúe de intermediaria con outra/s persoa/s xurídica/s que é/son a/as que realmente executa/n, en todo ou en parte, as ditas actividades.

De acordo co previsto no artigo 23, a xustificación das actividades subcontratadas realízase mediante a presentación do documento subscrito entre a entidade beneficiaria da subvención e a/as entidade/s subcontratada/s, no cal, necesariamente, se deberán reflectir a especificación das actividades que se subcontraten, a súa duración e o importe da subcontratación.

En todo caso, haberá que contar coa/s correspondente/s factura/s de gasto e xustificantes de pagamento.

Así mesmo, as entidades beneficiarias das subvencións poderán concertar con entidades vinculadas a execución total ou parcial da actividade subvencionada, sempre que a contratación se realice de acordo coas condicións normais do mercado e logo de autorización do órgano concedente.

Artigo 7. Iniciación do procedemento. Solicitudes

1. A/as entidade/s deberán achegar a solicitude segundo o modelo normalizado que figura como anexo II, dirixida á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social e Igualdade, á cal se lle xuntará a documentación complementaria indicada no artigo seguinte. A súa presentación implica a aceptación da totalidade de prescricións previstas nesta orde, así como na demais normativa aplicable.

2. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considérase data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

CVE-DOG: crlbj5q6-x8w8-6xu0-69v0-usbzpubbyfn77



Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e contrasinal Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

3. O prazo de presentación das solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

4. No formulario de solicitude, anexo II, asinado pola persoa representante da entidade, deberán figurar os datos identificativos e acreditativos de determinados aspectos sinalados nesta orde e demais normativa aplicable que se relacionan:

a) Identificación da entidade solicitante, da persoa representante, enderezo e datos bancarios.

b) Os datos do/dos programa/s ou do/dos proxecto/s de investimento respecto do/dos que se solicita subvención, coa liña, actuación, denominación e importe solicitado expresado en euros.

c) Declaracións sobre as circunstancias que se relacionan:

1º. Outras subvencións solicitadas ou concedidas. A entidade deberá declarar se solicitou ou se lle concederon outras axudas para o/os programa/s ou proxecto/s de investimento/s para o/os cal/es se solicita subvención, con expresión do organismo concedente, ano, importe expresado en euros e disposición reguladora da axuda solicitada ou concedida. En caso contrario, a entidade deberá declarar que non se solicitou nin concedeu ningunha outra axuda para o/os programas ou proxecto/s para o/os cales se solicita subvención.

2º. Veracidade dos datos contidos na solicitude e nos documentos que se achegan.

3º. Inexistencia de causa que implique prohibición para ser entidade beneficiaria; estar ao día no pagamento de obrigas por reintegros de subvencións e, ao mesmo tempo, estar ao día no pagamento das obrigas tributarias estatais e autonómicas e fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.



4º. Cumprimento de requisitos establecidos na normativa vixente e da dispoñibilidade da documentación que así o acredite, no caso de que sexa requirida pola Administración.

5º. Que a/as actuación/s para a/as cal/es solicita subvención se desenvolve/n de maneira real e efectiva na Comunidade Autónoma de Galicia.

6º. Condicións do persoal contratado que vai participar no programa/proxecto. Inexistencia de sentenza firme por ningún delito contra a liberdade sexual tipificado no título VIII da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, así como por calquera delito de trata de seres humanos tipificado no título VII.bis do Código penal, en aplicación do artigo 57.1 da Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia.

Polo que se refire ás persoas voluntarias que van participar nestes e que estean relacionadas con menores de idade, non poderán ter antecedentes penais non cancelados por delitos de violencia doméstica ou de xénero, por atentar contra a vida, a integridade física, a liberdade, a integridade moral ou a liberdade sexual do outro cónxuxe ou dos/das fillos/as, ou por delitos de tráfico ilegal ou inmigración clandestina de persoas, ou por delitos de terrorismo en programas cuxas persoas destinatarias fosen ou poidan ser vítimas deses delitos, en aplicación do previsto nos números 4 e 5 do artigo 8 da Lei 45/2015, do 14 de outubro, do voluntariado.

7º. Coñecemento das obrigas derivadas desta orde e demais normativa aplicable.

8º. No caso de programas orientados a actuacións de inclusión social das persoas, incluídos na liña II do anexo I, coa excepción dos programas de mediación social e/ou intercultural da liña II.1, letra g), que todas as persoas destinatarias das referidas actuacións destes programas están en situación ou risco de exclusión social, ou ben nunha situación de vulnerabilidade derivada da súa condición de persoa inmigrante.

Ao mesmo tempo, declararase que a entidade solicitante dispón da documentación que acredite as circunstancias anteriores e da dispoñibilidade que así o acredite, no caso de que sexa requirida pola Administración.

9º. Que nos programas de apoio á inclusión sociolaboral da liña II.1, letra b), do anexo I, os itinerarios incluírán, cando menos, as prestacións que a Carteira de servizos sociais de

CVE-DOG: crlbj5q6-x8w8-6xu0-69v0-usbzpubbyfn77



inclusión de Galicia considera indispensables e obrigatorias para a realización dun itinerario de inclusión, de conformidade co Decreto 61/2016, do 11 de febreiro.

10º. Que os programas de formación e de reforzo socioeducativo da liña II.1, letras c) e d), do anexo I para os cales solicitan, de ser o caso, subvención, non están incluídos entre as prestacións dos programas de apoio á inclusión sociolaboral financiados dentro doutra convocatoria de axudas xestionada pola Consellería de Política Social e Igualdade.

11º. Que nos programas/proxectos que contén coa participación de persoal voluntario, a entidade subscribiu un seguro de responsabilidade civil e de accidentes que cobre as persoas voluntarias mentres dure o programa ou proxecto subvencionable, de conformidade co previsto nos artigos 7.g) e 11.i) da Lei 10/2011, do 28 de novembro, ao longo de toda a súa duración e que respondan dos prexuízos que se poidan causar durante o seu desenvolvemento.

12º. Que a entidade solicitante posúe, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, experiencia e especialización, durante un prazo mínimo de dous anos, na xestión e execución dos programas e proxectos definidos do anexo I, que se solicitan, así como os medios persoais e materiais necesarios para o desenvolvemento destes.

13º. Que a entidade solicitante se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente ao dito recoñecemento ou exercicio.

14º. Que nos proxectos de execución de obras das liñas IV, V, VIII e IX se dispón da titularidade suficiente sobre o inmovible por un prazo non inferior a cinco (5) anos, contado desde a data de publicación desta convocatoria.

15º. Que nos proxectos de execución de obras das liñas IV, V, VIII e IX, a persoa representante da entidade solicitará as licenzas e os permisos necesarios, no caso de que estes sexan exixidos pola normativa vixente de aplicación, segundo o tipo de obra de que se trate.

16º. Que nos programas de actuacións da liña VI, as persoas beneficiarias sexan mulleres en situación de especial vulnerabilidade, tanto mulleres vítimas de violencia de xénero ou de calquera violencia contras as mulleres, ou mulleres en situación de vulnerabilidade e as súas familias, segundo o disposto no artigo 5.8.

CVE-DOG: crlbj5q6-x8w8-6xu0-69v0-usbzpubbyfn77



Nesta liña, as subvencións destinaranse a programas de interese xeral que teñan fins de carácter social, dirixidos á promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e loita contra a violencia de xénero. Subvencionaranse programas que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, para lograr a eliminación de estereotipos de xénero que conducen a que as mulleres padezan unha situación de desvantaxe no eido laboral, social, persoal, económico, político e cultural. Así mesmo, subvencionaranse determinados programas que teñan por obxecto a prevención de todas as formas de violencia contra as mulleres, segundo o recollido na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Será requisito necesario que as persoas beneficiarias dos programas desenvolvidos ao abeiro desta liña sexan mulleres en situación de especial vulnerabilidade, tanto mulleres vítimas de violencia de xénero ou de calquera violencia contra as mulleres, como mulleres en situación de vulnerabilidade, segundo o disposto no artigo 5.8, e as súas familias. As entidades beneficiarias acreditarán o cumprimento deste requisito mediante declaración responsable.

As persoas profesionais que leven a cabo estes programas deberán contar con experiencia e formación adecuada ao tipo de intervención que se vai realizar.

d) Indicación da documentación complementaria que se xunta e, se é o caso, constancia dos datos relativos a documentos achegados anteriormente, con indicación do tipo, órgano administrativo ante o cal se presentou, código de procedemento e data de presentación e/ou manifestación da oposición á consulta dos documentos sinalados no artigo 9.1.

Artigo 8. *Documentación complementaria*

1. As entidades interesadas deberán achegar coa solicitude (anexo II) a seguinte documentación:

a) Memoria explicativa sobre o programa obxecto da solicitude de subvención (anexo III), agás os proxectos de investimento relativos ás liñas IV, V, VIII e IX (no caso de achegar memoria complementaria da memoria explicativa, esta terá unha extensión máxima de dez (10) páxinas).

b) Memoria explicativa sobre o investimento obxecto da solicitude de subvención (anexo IV), no caso de proxectos incluídos dentro das liñas IV, V, VIII e IX do anexo I.

CVE-DOG: crlbj5q6-x8w8-6xu0-69v0-usbzpubbyfn77



c) Información para a valoración das entidades (anexo V).

d) Estatutos debidamente legalizados, co obxectivo de verificar que a entidade carece de ánimo de lucro e que os seus fins institucionais corresponden á realización e á execución de proxectos e/ou programas sociais de similar natureza que a dos proxectos e/ou programas para os cales se solicita subvención, entre outros requisitos exixidos no artigo 4.

e) Documentación acreditativa da representatividade da persoa solicitante para actuar en nome da entidade.

f) No caso de agrupacións sen personalidade xurídica, documento dos compromisos de execución asumidos por cada membro e o importe da subvención que se vai aplicar a cada un.

g) Documentación acreditativa dos requisitos establecidos no anexo I:

1º. En relación coas subvencións para as liñas de proxectos de investimento:

1º.1. Para a execución de obras (liñas IV, V, VIII e IX):

1º.1.1. Proxecto ou anteprojecto de obras, axustado á normativa vixente, de acordo coas especificacións legais, técnicas e arquitectónicas, adecuadas ás persoas usuarias do centro.

Cando se trate de obras de menor contía, de acordo co establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, deberá presentarse, no seu lugar, un orzamento detallado e unha memoria abreviada asinada pola persoa contratista.

1º.2. Para a adquisición de bens inmobles (liñas IV, V e VIII):

1º.2.1. Orzamento detallado.

1º.2.2. Certificado de persoa taxadora independente, debidamente acreditada, inscrita no correspondente rexistro oficial, ou dun órgano ou organismo público debidamente autorizado, no cal se acredite que o prezo de compra non excede o valor de mercado.



1º.3. Para a adquisición de subministracións, equipamentos ou vehículos (liñas IV, V, VIII e IX):

1º.3.1. Orzamento da empresa subministradora, con indicación do custo por unidade e do importe total das adquisicións que se pretenden realizar.

h) No caso de solicitudes presentadas por federacións, confederacións ou outras formas de agrupación con personalidade xurídica, de entidades sociais de ámbito autonómico, achegarse unha declaración responsable na cal consten relacionadas as respectivas entidades asociadas ás que representan.

2. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recadados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se poden obter os citados documentos, poderáselle solicitar novamente á persoa interesada que os achegue.

3. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar, de maneira motivada, o cotexo das copias achegadas pola/s persoa/s interesada/s, para o cal poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberánse indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

CVE-DOG: crlbj5q6-x8w8-6xu0-69v0-usbzpubbyfn77



5. No caso de que algún dos documentos que se vaia presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 9. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) Número de identificación fiscal (NIF) da entidade solicitante.
- b) Documento nacional de identidade (DNI) ou número de identificación de extranxeiro (NIE) da persoa representante.
- c) Certificado sobre o cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- d) Certificado sobre o cumprimento de obrigas coa Seguridade Social.
- e) Certificado sobre o cumprimento de obrigas tributarias co Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da/das persoa/s interesada/s para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar á/ás persoa/s interesada/s que presente/n os documentos correspondentes.

CVE-DOG: crlbj5q6-x8w8-6xu0-69v0-usbzpubbyfn77



Artigo 10. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 11. Instrución do procedemento

1. A instrución do procedemento corresponderalle ao órgano colexiado creado para o efecto. Este órgano realizará, de oficio, cantas actuacións considere necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.

2. A composición do órgano instructor será a seguinte:

a) Presidente/a: a persoa titular da dirección xeral competente en materia de persoas con discapacidade. No caso de ausencia, a suplencia será exercida de acordo co establecido no Decreto 139/2024, do 20 de maio, que establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade.

b) Vogais: as persoas titulares de cada unha das direccións xerais competentes en materia de:

1º. Familia, infancia e dinamización demográfica.

2º. Inclusión social.

3º. Promoción da igualdade.

4º. Maiores e atención sociosanitaria.

5º. Loita contra a violencia de xénero.

No caso de ausencia dalgún/dalgunha dos/das vogais, a suplencia será exercida de acordo co establecido no Decreto 139/2024, do 20 de maio.

Na composición do órgano instructor procurarase acadar unha presenza equilibrada de homes e mulleres.



3. A Secretaría e a súa suplencia será exercida por unha persoa funcionaria adscrita á Consellería de Política Social e Igualdade, nomeada pola persoa titular da Presidencia. Actuará con voz e sen voto.

4. No funcionamento da Comisión aplicaranse as disposicións que regulan os órganos colexiados, contidas na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

5. O órgano instrutor procederá ao exame do contido da documentación co fin de propoñer se as actuacións que conforman os programas/proxectos que se presentan e os gastos que abranguen son susceptibles de subvención, de conformidade co informe de valoración dos criterios preferenciais.

Artigo 12. *Emenda da solicitude e remisión da documentación ao correspondente órgano*

1. Se a solicitude non está debidamente cuberta ou non se presenta a documentación exixida, o órgano instrutor requiriralle á entidade solicitante que, nun prazo improrrogable de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixer, se considerará por desistida da súa petición, logo da correspondente resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

2. Revisada a documentación inicial e, de ser o caso, realizado o trámite de emenda, o órgano instrutor procederá a:

a) Elevar ao órgano competente para resolver unha proposta na cal se reflectan os expedientes susceptibles de resolución de inadmisión e de declaración ou aceptación de desistencia, con indicación das circunstancias que concorran, para a emisión da resolución final do procedemento.

b) Remitirlle á Comisión de Valoración prevista no artigo seguinte aqueles expedientes respecto dos cales se verifique a presentación da documentación en prazo e forma e o cumprimento de requisitos previos.



Artigo 13. *Comisión de Valoración e regras para a valoración*

1. De conformidade co establecido no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, as solicitudes admitidas serán examinadas por unha comisión de valoración, coa seguinte composición:

a) Presidente/a: unha persoa funcionaria adscrita á Consellería de Política Social e Igualdade, con nivel de subdirección xeral, designada pola persoa titular da Consellería de Política Social e Igualdade. No caso de ausencia, a suplencia será exercida por unha persoa funcionaria adscrita á Consellería de Política Social e Igualdade, co mesmo rango que a persoa titular, designada pola persoa titular da Consellería de Política Social e Igualdade.

b) Vogais: cinco persoas funcionarias con rango mínimo de xefe/a de servizo, designadas polas persoas titulares de cada unha das direccións xerais competentes en materia de:

1º. Familia, infancia e dinamización demográfica.

2º. Inclusión social.

3º. Persoas con discapacidade.

4º. Promoción da igualdade.

5º. Maiores e atención sociosanitaria.

6º. Loita contra a violencia de xénero.

No caso de ausencia dalgunha/s da/s persoa/s que a integran, esta/s será/n substituída/s por quen designen as persoas titulares de cada unha das direccións xerais competentes.

Na composición da Comisión de Valoración procurarase acadar unha presenza equilibrada de homes e mulleres.

2. A Secretaría e a súa suplencia será exercida por unha persoa funcionaria adscrita á Consellería de Política Social e Igualdade, nomeada pola persoa titular da Presidencia. Actuará con voz e sen voto.

CVE-DOG: crlbj5q6-x8w8-6xu0-69v0-usbzpubyfn77



3. A orde de prelación para a concesión das subvencións determinarase en función da puntuación obtida pola valoración dos criterios establecidos no artigo 14. Non se lles concederá subvención ás solicitudes que non obteñan unha puntuación mínima global de 60 puntos.

4. Para a determinación do importe da axuda que corresponde a cada un dos programas/proxectos que supere o limiar de puntuación mínima previsto no número anterior procederase do seguinte modo:

a) A Comisión de Valoración determinará cal é o orzamento subvencionable de cada programa/proxecto, sendo este igual á axuda solicitada coa exclusión daqueles gastos que non sexan elixibles ou que non sexan estritamente necesarios para acadar a finalidade da subvención.

b) Dentro de cada unha das liñas de actuación establecidas no artigo 5, ordenaranse os programas/proxectos segundo a puntuación total acadada, de maior a menor.

5. Unha vez acadada a puntuación mínima exixida (60 puntos), e co obxecto de promover aqueles programas/proxectos que teñan unha maior calidade, os puntos finais obtidos por cada programa ou proxecto serán o resultado de aplicar un índice corrector aos puntos obtidos de acordo cos criterios de valoración, aplicando a seguinte fórmula:

$$PF = SI(PCV \geq 85; 3; SI(PCV \geq 75; 2; SI(PCV \geq 60; 1; 0))) * PCV$$

PF= puntuación final do programa ou proxecto.

PCV = puntuación obtida de acordo cos criterios de valoración.

6. Para realizar a distribución do orzamento consignado obterase o valor do punto. Este valor será o resultado obtido tras a división do crédito establecido para cada unha das liñas de actuación ou, no seu caso, tipoloxías de actuación, entre a suma dos puntos finais obtidos por todos os programas/proxectos avaliados.

Para determinar a contía da subvención correspondente a cada programa/proxecto, os puntos finais obtidos por cada un deles multiplicaranse polo valor do punto. As cifras obtidas redondearanse a dous decimais.



No caso de que a contía que se vai asignar a un programa/proxecto supere a cantidade solicitada para este, o exceso será redistribuído entre o resto dos programas/proxectos que non superaron a cantidade solicitada, obtendo así o novo valor do punto.

Este novo valor do punto multiplicarase polos puntos finais obtidos por cada programa/proxecto e resultará unha segunda contía para asignar a cada un deles.

De continuar existindo remanente procederase, da mesma maneira, a sucesivas reparticións ata esgotar o crédito dispoñible.

7. A Comisión de Valoración emitirá un informe cos resultados da citada avaliación, que presentará á Comisión Instrutora para que esta formule a correspondente proposta de resolución.

8. No caso de que, logo de calcular o importe que lle correspondería a cada un dos programas/proxectos, quede saldo de crédito dispoñible e sexa insuficiente o previsto noutra/s aplicación/s, segundo o establecido no artigo 2, o importe resultante poderá ser obxecto de modificación orzamentaria, se é o caso, co fin de financiar programas/proxectos a través deste saldo.

Artigo 14. *Criterios de valoración*

Para a adxudicación das subvencións teranse en conta os criterios obxectivos de valoración e a ponderación deles que a seguir se relacionan:

a) Criterios obxectivos de valoración das entidades solicitantes (ata 40 puntos):

No caso de entidades de nova creación legalmente constituídas que se subroguen nos dereitos e obrigas doutras entidades constituídas legalmente, os criterios obxectivos de valoración aplicaranse sobre as condicións e as características da entidade transmitente.

A desagregación da puntuación é a seguinte:

1º. O ámbito territorial de implantación (máximo de 10 puntos). Valorarase o maior ámbito territorial das actuacións e programas/proxectos realizados pola entidade no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia nos últimos dous anos. Para estes efectos, outórganse:

1º.1. Ás entidades que desenvolvan actuacións en dúas provincias: 5 puntos.



1º.2. Ás entidades que desenvolvan actuacións en tres provincias: 7,5 puntos.

1º.3. Ás entidades que desenvolvan actuacións en catro provincias: 10 puntos.

No caso de confederacións, federacións ou agrupacións terase en conta, para os efectos de valoración, o seu ámbito territorial.

2º. A experiencia na xestión e execución de programas/proxectos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (máximo 10 puntos). Valoraranse a especialización e a experiencia na xestión e execución de programas sociais nos sete (7) anos anteriores á publicación da convocatoria. Para estes efectos, outorgaranse:

2º.1. Ás entidades que teñan unha experiencia de tres anos: 2 puntos.

2º.2. Ás entidades que teñan unha experiencia de catro anos: 4 puntos.

2º.3. Ás entidades que teñan unha experiencia de cinco anos: 6 puntos.

2º.4. Ás entidades que teñan unha experiencia de seis anos: 8 puntos.

2º.5. Ás entidades que teñan unha experiencia de sete anos: 10 puntos.

No caso de confederacións, federacións ou agrupacións, terase en conta a experiencia da propia confederación, federación ou agrupación, ou a das entidades que a integren, tendo en conta, neste último caso, que para acadar a puntuación anterior deben contar coa experiencia exixida en cada un dos tramos anteriores un mínimo do 30 % das entidades integrantes.

3º. A calidade na xestión da entidade (máximo de 1,5 puntos). Valoraranse con 1,5 puntos as entidades que contén con certificados de calidade en vigor con base na norma ONG con calidade, ISO 9001:2015, EFQM ou outros sistemas de calidade que garantan o control de procesos e programas.

No caso de confederacións, federacións ou agrupacións, outorgarase a máxima puntuación cando estas contén co certificado de calidade. Noutro caso, a puntuación outorgarase en función da porcentaxe de entidades asociadas que posúan o citado certificado, de acordo cos seguintes tramos:

3º.1. Máis do 30 % e ata o 50 % das entidades contan co certificado: 0,5 puntos.



3º.2. Máis do 50 % e ata o 70 % das entidades contan co certificado: 1 punto.

3º.3. Máis do 70 % das entidades contan co certificado: 1,5 puntos.

4º. A auditoría externa (máximo de 1,5 puntos). Valorarase con 1,5 puntos a entidade que conte con auditoría externa de contas no último exercicio pechado.

No caso de confederacións, federacións ou agrupacións, outorgarase a máxima puntuación cando estas contan coa auditoría externa. Noutro caso, a puntuación outorgarase en función da porcentaxe de entidades asociadas que contan coa dita auditoría externa, de acordo cos seguintes tramos:

4º.1. Máis do 30 % e ata o 50 % das entidades contan con auditoría: 0,5 puntos.

4º.2. Máis do 50 % e ata o 70 % das entidades contan con auditoría: 1 punto.

4º.3. Máis do 70 % das entidades contan con auditoría: 1,5 puntos.

5º. O orzamento destinado aos programas/proxectos no ano 2024 (máximo de 4 puntos). Valorarase o volume do orzamento da entidade no ano 2024, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coa seguinte distribución:

5º.1. Orzamento anual de importe superior a 25.000,00 euros e igual ou inferior a 100.000,00 euros: 1 punto.

5º.2. Orzamento anual de importe superior a 100.000,00 euros e igual ou inferior a 250.000,00 euros: 2 puntos.

5º.3. Orzamento anual de importe superior a 250.000,00 euros e igual ou inferior a 500.000,00 euros: 3 puntos.

5º.4. Orzamento anual de importe superior a 500.000,00 euros: 4 puntos.

No caso de confederacións, federacións ou agrupacións, terase en conta a suma do orzamento de todas as entidades que as integran.

6º. O financiamento obtido doutras institucións destinado aos programas/proxectos no ano 2024 (máximo de 1 punto). Valorarase o volume de ingresos procedente do financia-



mento obtido doutras entidades públicas ou privadas no ano 2024, de acordo cos seguintes tramos:

6º.1) 0,5 puntos ás entidades con, cando menos, o 5 % e ata o 10 % do seu orzamento obtido con financiamento alleo.

6º.2) 1 punto ás entidades con máis do 10 % do seu orzamento obtido con financiamento alleo.

No caso de confederacións, federacións ou agrupacións, terase en conta a porcentaxe de financiamento alleo obtido por todas as entidades que a integran respecto do orzamento total de todas elas.

7º. A participación social e do voluntariado (máximo de 3 puntos). Valorarase o maior número de persoas voluntarias inscritas no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia que actúen en programas/proxectos sociais da entidade solicitante, sempre e cando a dita entidade actúe nas mesmas áreas de actividade obxecto desta orde, de acordo co seguinte criterio:

7º.1. De 1 a 20 persoas voluntarias: 1 punto.

7º.2. De 21 a 50 persoas voluntarias: 1,5 puntos.

7º.3. De 51 a 100 persoas voluntarias: 2 puntos.

7º.4. De 101 a 200 persoas voluntarias: 2,5 puntos.

7º.5. Máis de 200 persoas voluntarias: 3 puntos.

Para tal efecto, teranse en conta os datos de inscrición no dito rexistro na data de publicación desta orde.

No caso de confederacións, federacións ou agrupacións, terase en conta a suma do número de persoas voluntarias con que contan todas as entidades que as integran, sempre e cando as ditas entidades actúen nas mesmas áreas de actividade obxecto desta orde.

CVE-DOG: crlbj5q6-x8w8-6xu0-69v0-usbzpubbyfn77



8º. A adecuación de recursos humanos (máximo de 9 puntos). Valorarase o persoal contratado pola entidade solicitante, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, na data de publicación desta convocatoria, conforme os seguintes criterios:

8º.1. Volume de recursos humanos. Valorarase o número de persoal contratado pola entidade solicitante no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia:

8º.1.1. De 3 e ata 10 persoas contratadas: 1,5 puntos.

8º.1.2. Máis de 10 e ata 50 persoas contratadas: 2 puntos.

8º.1.3. Máis de 50 e ata 100 persoas contratadas: 2,5 puntos.

8º.1.4. Máis de 100 persoas contratadas: 3 puntos.

No caso de confederacións, federacións ou agrupacións, terase en conta o número total de persoas contratadas na Comunidade Autónoma de Galicia de todas as entidades que as integran.

8º.2. Proporción do persoal asalariado da entidade cunha antigüidade superior a dous (2) anos:

8º.2.1. Máis do 10 % e ata o 50 %: 0,5 puntos.

8º.2.2. Máis do 50 % e ata o 70 %: 0,75 puntos.

8º.2.3. Máis do 70 %: 1 punto.

No caso de confederacións, federacións ou agrupacións, terase en conta a porcentaxe de persoal asalariado cunha antigüidade superior a dous (2) anos de todas as entidades, en relación co cadro de persoal de todas elas, na Comunidade Autónoma de Galicia.

8º.3. Proporción do emprego de persoas con discapacidade en relación co número total de persoas remuneradas:

8º.3.1. Desde o 2 % ata o 10 %: 0,5 puntos.

8º.3.2. Máis do 10 % e ata o 20 %: 0,75 puntos.

8º.3.3. Máis do 20 %: 1 punto.



No caso de confederacións, federacións ou agrupacións, terase en conta a porcentaxe de persoas con discapacidade contratadas por todas as entidades, en relación co cadro de persoal de todas elas, na Comunidade Autónoma de Galicia.

8º.4. Emprego de persoas perceptoras de renda de inclusión social de Galicia ou que se encontren en situación ou risco de exclusión social conforme o artigo 3 da Lei 10/2013, do 27 de novembro. Outorgaráselles 1 punto ás entidades que teñan contratada na Comunidade Autónoma de Galicia, cando menos, unha persoa que se encontre nas circunstancias indicadas.

No caso de confederacións, federacións ou agrupacións, a puntuación outorgarase de acordo co seguinte criterio:

8º.4.1. Máis do 30 % e ata o 50 % das entidades contan cunha persoa contratada en risco ou situación de exclusión: 0,50 puntos.

8º.4.2. Máis do 50 % e ata o 70 % das entidades contan cunha persoa contratada en risco ou situación de exclusión: 0,75 puntos.

8º.4.3. Máis do 70 % das entidades contan cunha persoa contratada en risco ou situación de exclusión: 1 punto.

8º.5. Emprego de mulleres vítimas de violencia de xénero que non estean en situación ou risco de exclusión social conforme o artigo 3 da Lei 10/2013, do 27 de novembro. Outorgaráselles 1 punto ás entidades que teñan contratada na Comunidade Autónoma de Galicia, cando menos, unha persoa que se encontre nas circunstancias indicadas.

No caso de confederacións, federacións ou agrupacións, a puntuación outorgarase de acordo co seguinte criterio:

8º.5.1. Máis do 30 % e ata o 50 % das entidades contan cunha muller vítima de violencia de xénero: 0,50 puntos.

8º.5.2. Máis do 50 % e ata o 70 % das entidades contan cunha muller vítima de violencia de xénero: 0,75 puntos.

8º.5.3. Máis do 70 % das entidades contan cunha muller vítima de violencia de xénero: 1 punto.



8º.6. Emprego de maiores de 45 anos: valoraranse as contratacións destas persoas nos últimos dous anos, sobre o total das contratacións realizadas na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo cos criterios seguintes:

8º.6.1. Máis do 10 % e ata o 23 % de contratos realizados a persoas maiores de 45 anos nos últimos dous anos, en relación co número total de contratos da entidade: 0,5 puntos.

8º.6.2. Máis do 23 % de contratos realizados a persoas maiores de 45 anos nos últimos dous anos, en relación co número total de contratos da entidade: 1 punto.

No caso de confederacións, federacións ou agrupacións, para a puntuación terase como referencia o número de contratacións de persoas empregadas maiores de 45 anos na Comunidade Autónoma de Galicia, realizadas por todas as entidades que as integran en relación co total de contratacións dos últimos dous anos.

8º.7. A existencia nas entidades de plans de igualdade, nos termos previstos na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que recollan, entre outras medidas, o fomento da conciliación da vida persoal, familiar e laboral valorarase cun (1) punto.

No caso de confederacións, federacións ou agrupacións, outorgarase a máxima puntuación cando estas contén con plans de igualdade. Noutro caso, a puntuación outorgarase en función da porcentaxe de entidades asociadas que contén co citado plan de igualdade, de acordo cos seguintes tramos:

8º.7.1. Máis do 30 % e ata o 50 % das entidades contan con plan de igualdade: 0,50 puntos.

8º.7.2. Máis do 50 % e ata o 70 % das entidades contan con plan de igualdade: 0,75 puntos.

8º.7.3. Máis do 70 % das entidades contan con plan de igualdade: 1 punto.

b) Criterios obxectivos de valoración dos programas e actuacións presentados dentro das liñas I, II, III, VI e VII (ata 60 puntos), coa seguinte desagregación:

1º. A calidade técnica do programa (ata 39 puntos):

1º.1. Diagnóstico social: ata 6 puntos. Valorarase que o programa conte cun diagnóstico social da situación sobre a cal se pretende intervir e a calidade deste.



1º.2. Obxectivos do programa: ata 10 puntos. Valoraranse os obxectivos que pretende acadar a entidade solicitante, o impacto do programa, o número de persoas usuarias e a poboación a que van dirixidos.

No caso de programas da liña I, terán prioridade aquelas actuacións cuxos obxectivos estean relacionados co acollemento familiar e a violencia filioparental.

No caso do programas da liña VII, terán prioridade aquelas actuacións que se desenvolvan no ámbito rural da Comunidade Autónoma ou que estean destinadas a paliar o fenómeno da soidade non desexada.

1º.3. Contido técnico do programa: ata 20 puntos. Valoraranse o contido técnico do programa e a súa adecuación ao obxectivo proposto, a descrición das actividades concretas que se pretenden realizar, a súa dimensión xeográfica, o calendario de realización, a adecuación dos recursos humanos, dos medios materiais e técnicos para o desenvolvemento e xestión do programa, así como os indicadores de control e avaliación deste.

1º.4. Innovación: ata 3 puntos. Valoraranse os programas innovadores, especialmente cando se dirixan a atender necesidades emerxentes non cubertas polos recursos do sistema de servizos sociais ou cando incorporen novas tecnoloxías ou sistemas de organización e xestión que acheguen un maior valor ao programa.

No caso dos programas da liña II, tipoloxía II.1º, Programas de atención ás necesidades básicas, asignaráselles puntos na epígrafe de innovación especificamente a aqueles programas nos cales, para distribuír as axudas, se empreguen tarxetas moedeiro, vales ou sistemas similares que permitan evitar a estigmatización e potencien a normalización das persoas que fan uso deles.

2º. O ámbito do programa (ata 16 puntos):

2º.1. Ámbito temporal: ata 15 puntos. Valoraranse con 3 puntos por cada ano aqueles programas que, sendo continuidade doutros financiados na mesma liña nalgunha das cinco convocatorias anteriores no marco destas subvencións, garanten a continuidade de atención ás persoas destinatarias cando, pola súa vulnerabilidade, a súa interrupción poida provocar situacións de grave empeoramento da súa situación persoal, social ou económica.



Para os efectos de valorar esta epígrafe, teranse en conta a liña na cal foi subvencionado o programa e a anualidade da convocatoria, e non a de execución do programa subvencionado. Así mesmo, independentemente da denominación concreta do programa, o contido substancial deste deberá ser similar nos distintos anos de execución para ser obxecto de valoración.

Para os efectos do cálculo e concesión desta puntuación, o programa financiado nalgunha das últimas cinco convocatorias anteriores, empregado como referencia de continuidade, só se poderá relacionar cun único programa para o cal a entidade solicite a subvención, polo que non se admitirán referencias a un único programa anterior que pretenda dar continuidade a dous ou máis programas nesta convocatoria.

2º.2. No caso de que os programas se desenvolvan en áreas rurais e/ou áreas rurais de alta dispersión, de acordo co Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, outorgarase 1 punto.

3º. O cofinanciamento do programa. Valoraranse os programas que contén con outras fontes de financiamento (ata 5 puntos), de acordo cos seguintes tramos:

3º.1. Outorgaranse 2,5 puntos para os programas que contén entre o 5 % e o 10 % do seu orzamento con outras fontes de financiamento.

3º.2. Outorgaranse 5 puntos para os programas con máis do 10 % do seu orzamento obtido con outras fontes de financiamento.

c) Criterios obxectivos de valoración dos proxectos de investimento presentados dentro da liña IV. Proxectos de investimento e adecuación de centros e unidades de atención destinados a persoas con discapacidade (ata 60 puntos), coa seguinte desagregación:

1º. O contido e os obxectivos do proxecto de investimento (ata 50 puntos):

1º.1. Fundamentación do proxecto: ata 8 puntos. Valoraranse as necesidades e razóns que fundamenten e xustifiquen a execución do proxecto presentado, tanto para as persoas destinatarias finais do servizo como para o centro ou entidade que o vai executar.

1º.2. Obxectivos do proxecto: ata 10 puntos. Valoraranse os obxectivos que pretende acadar a entidade solicitante, o impacto social do proxecto, o número de persoas usuarias que se van atender e a poboación a que van dirixidos.



1º.3. Contido técnico do proxecto: ata 30 puntos. Valoraranse o contido técnico e a súa adecuación ao obxectivo proposto, a descrición das actividades concretas que se pretendan realizar, o calendario de realización, a adecuación dos medios estruturais, materiais e técnicos para o desenvolvemento e xestión do proxecto.

1º.4. Innovación: ata 1 punto. Valoraranse os proxectos innovadores, especialmente cando se dirixan a atender necesidades emerxentes non cubertas polos recursos do sistema de servizos sociais ou cando incorporen novas tecnoloxías ou sistemas de organización e xestión que acheguen un maior valor.

1º.5. Execución do proxecto: ata 1 punto. Se a execución total ou parcial do proxecto de investimento se concerta con entidades que reúnan a condición legal de centros especiais de emprego ou empresas de inserción laboral, de acordo co establecido no Decreto 200/2005, do 7 de xullo, polo que se regula a autorización administrativa e a inscrición no Rexistro Administrativo de Centros Especiais de Emprego de Galicia, e a súa organización e funcionamento, outorgarase 1 punto.

2º. O ámbito territorial do proxecto de investimento (5 puntos).

No caso de que os proxectos de investimento se desenvolvan en áreas rurais e/ou áreas rurais de alta dispersión, de conformidade co disposto no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, outorgarase 5 puntos.

3º. O cofinanciamento do proxecto de investimento: valoraranse aqueles proxectos de investimento que contén con outras fontes de financiamento (ata 5 puntos), de acordo cos seguintes tramos:

3º.1. Outorgarase 2,5 puntos para os proxectos de investimento que contén, entre o 5 % e o 10 % do seu orzamento, con outras fontes de financiamento.

3º.2. Outorgarase 5 puntos para os proxectos de investimento con máis do 10 % do seu orzamento obtido con outras fontes de financiamento.

d) Criterios obxectivos de valoración dos proxectos de investimento presentados dentro da liña V. Proxectos de investimento e adecuación de centros e unidades de atención des-



tinados a persoas en situación ou risco de exclusión social (ata 60 puntos), coa seguinte desagregación:

1º. O contido e obxectivos do proxecto de investimento (ata 50 puntos):

1º.1. Vinculación do proxecto a un centro de inclusión social: 15 puntos. Se o proxecto que se presenta está dirixido a un centro de inclusión e emerxencia social acreditado como tal no RUEPSS, outorgaranse 15 puntos.

1º.2. Obxectivos do proxecto: ata 10 puntos. Valoraranse os obxectivos que pretende acadar a entidade solicitante, o impacto social do proxecto, o número de persoas usuarias que se van atender e a poboación a que van dirixidos.

1º.3. Contido técnico do proxecto: ata 25 puntos. Valoraranse o contido técnico e a súa adecuación ao obxectivo proposto, a descrición das actividades concretas que se pretenden realizar, o calendario de realización, a adecuación dos medios estruturais, materiais e técnicos para o desenvolvemento e a xestión do proxecto.

2º. O ámbito territorial do proxecto de investimento (5 puntos).

No caso de que os proxectos de investimento se desenvolvan en áreas rurais e/ou áreas rurais de alta dispersión, de conformidade co disposto no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, outorgaranse 5 puntos.

3º. O cofinanciamento do proxecto de investimento: valoraranse aqueles proxectos de investimento que contén con outras fontes de financiamento (ata 5 puntos), de acordo cos seguintes tramos:

3º.1. Outorgaranse 2,5 puntos para os proxectos de investimento que contén entre o 5 % e o 10 % do seu orzamento con outras fontes de financiamento.

3º.2. Outorgaranse 5 puntos para os proxectos de investimento con máis do 10 % do seu orzamento obtido con outras fontes de financiamento.

e) Criterios obxectivos de valoración dos proxectos de investimento presentados dentro da liña VIII. Proxectos de investimento e adecuación de centros e unidades de atención

CVE-DOG: crlbj5q6-x8w8-6xu0-69v0-usbzpubbyfn77



destinados a persoas maiores e a persoas dependentes (ata 60 puntos), coa seguinte desagregación:

1º. O contido e os obxectivos do proxecto de investimento (ata 50 puntos):

1º.1. Fundamentación do proxecto: ata 8 puntos. Valoraranse as necesidades e as razóns que fundamenten e xustifiquen a execución do proxecto presentado, tanto para as persoas destinatarias finais do servizo como para o centro ou entidade que o vai executar.

1º.2. Obxectivos do proxecto: ata 10 puntos. Valoraranse os obxectivos que pretende acadar a entidade solicitante, o impacto social do proxecto, o número de persoas usuarias que se van atender e a poboación a que van dirixidos.

1º.3. Contido técnico do proxecto: ata 30 puntos. Valoraranse o contido técnico e a súa adecuación ao obxectivo proposto, a descrición das actividades concretas que se pretenden realizar, o calendario de realización, a adecuación dos medios estruturais, materiais e técnicos para o desenvolvemento e a xestión do proxecto.

1º.4. Innovación: ata 2 puntos. Valoraranse os proxectos innovadores, especialmente cando se dirixan a atender necesidades emerxentes non cubertas polos recursos do sistema de servizos sociais ou cando incorporen novas tecnoloxías ou sistemas de organización e xestión que acheguen un maior valor.

2º. O ámbito territorial do proxecto de investimento (5 puntos).

No caso de que os proxectos de investimento se desenvolvan en áreas rurais e/ou áreas rurais de alta dispersión, de conformidade co disposto no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, outorgaranse 5 puntos.

3º. O cofinanciamento do proxecto de investimento: valoraranse aqueles proxectos de investimento que contén con outras fontes de financiamento (ata 5 puntos), de acordo cos seguintes tramos:

3º.1. Outorgaranse 2,5 puntos para os proxectos de investimento que contén entre o 5 % e o 10 % do seu orzamento con outras fontes de financiamento.

3º.2. Outorgaranse 5 puntos para os proxectos de investimento con máis do 10 % do seu orzamento obtido con outras fontes de financiamento.



f) Criterios obxectivos de valoración dos proxectos de investimento presentados dentro da liña IX. Proxectos de investimento e adecuación de centros de atención á infancia do sistema de protección e reforma xuvenil (ata 60 puntos), coa seguinte desagregación:

1º. O contido e os obxectivos do proxecto de investimento (ata 55 puntos):

1º.1. Fundamentación do proxecto: ata 10 puntos. Valoraranse as necesidades e razóns que fundamenten e xustifiquen a execución do proxecto presentado, tanto para as persoas destinatarias finais do servizo como para o centro ou entidade que o vai executar.

1º.2. Obxectivos do proxecto: ata 13 puntos. Valoraranse os obxectivos que pretende acadar a entidade solicitante, o impacto social do proxecto, o número de persoas usuarias que se van atender e a poboación a que van dirixidos.

1º.3. Contido técnico do proxecto: ata 30 puntos. Valoraranse o contido técnico e a súa adecuación ao obxectivo proposto, a descrición das actividades concretas que se pretenden realizar, o calendario de realización, a adecuación dos medios estruturais, materiais e técnicos para o desenvolvemento e a xestión do proxecto.

1º.4. Execución do proxecto: ata 2 puntos. Se a execución total ou parcial do proxecto de investimento se concerta con entidades que reúnan a condición legal de centros especiais de emprego ou empresas de inserción laboral, de acordo co establecido no Decreto 200/2005, do 7 de xullo, outorgaranse ata 2 puntos.

2º. O ámbito territorial do proxecto de investimento (5 puntos).

No caso de que os proxectos de investimento se desenvolvan en áreas rurais e/ou áreas rurais de alta dispersión, de conformidade co disposto no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, outorgaranse 5 puntos.

Artigo 15. *Resolución*

1. As resolucións que procedan ao abeiro desta orde serán ditadas pola persoa titular da Consellería de Política Social e Igualdade por proposta da Comisión Instrutora, segundo o previsto no artigo 13. No caso de que o seu contido sexa a concesión da subvención, requirirá a fiscalización previa por parte da Intervención Delegada.

CVE-DOG: crlbj5q6-x8w8-6xu0-69v0-usbzpubbyfn77



2. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será de catro meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Se transcorre o dito prazo sen que se dite resolución expresa, poderá entenderse desestimada a solicitude por silencio administrativo.

Artigo 16. *Publicación dos actos*

Publicaranse no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co previsto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, os actos administrativos e a correspondente resolución deste procedemento. Esta publicación producirá os efectos da notificación.

Así mesmo, e con carácter complementario, serán igualmente obxecto de publicidade a través da páxina web da Consellería de Política Social e Igualdade (<https://politicasocial.xunta.gal>).

Artigo 17. *Aceptación e renuncia*

1. Publicada no *Diario Oficial de Galicia* a resolución de concesión, a entidade beneficiaria deberá comunicar no prazo de dez días (10) hábiles a súa aceptación e comprometerase a executar a acción subvencionada nas condicións establecidas nesta convocatoria. No caso de non comunicar o dito aspecto no prazo indicado, entenderase tacitamente aceptada.

2. A renuncia á subvención poderase formular por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

3. Os importes que, de ser o caso, resulten sobrantes por causa de renuncia poderán destinarse ao outorgamento de máis subvencións, segundo o determinado no artigo 13.

Artigo 18. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrarlles á Administra-



ción, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que se encontren vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por parte daquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 19. *Réxime de recursos*

1. As resolucións expresas ou presuntas ao abeiro desta orde poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse:

a) Recurso potestativo de reposición, ante o órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da resolución, se esta for expresa, ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Ou ben recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación da resolución, se esta for expresa, ou de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

2. Non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se desestime por silencio o recurso de reposición interposto.

Artigo 20. *Modificación da resolución de concesión*

1. De acordo co disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de axudas ou subvencións outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. Así mesmo, segundo o previsto no artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, unha vez ditada a resolución de concesión, a entidade beneficiaria poderá solicitar a modificación do seu contido sempre que se respecte a actuación subvencionable e non dea lugar á execución deficiente e/ou incompleta. Será de aplicación o seguinte:

a) A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade, e a esta xuntarase:

1º. Memoria explicativa modificada (anexo III ou IV, segundo corresponda).



2º Declaración responsable, asinada pola persoa representante da entidade beneficiaria, coa relación e identificación concreta das modificacións introducidas.

3º. Orzamento modificado, se é o caso.

b) Poderase autorizar sempre que non dane dereitos de terceiros.

c) Non se poderán ter en conta requisitos ou circunstancias que, debendo concorrer no momento en que se ditou a resolución, teñan lugar con posterioridade a ela. Ao mesmo tempo, a modificación solicitada deberá respectar o obxecto, as condicións e a finalidade da subvención, así como os criterios de valoración establecidos nesta orde e que deron lugar ao seu outorgamento, e non poderán comprometer a viabilidade do programa/investimento, polo que se deberán manter os gastos necesarios para o seu correcto desenvolvemento.

d) Cando implique modificación do importe total concedido, tramitarase conxuntamente coa do expediente de gasto.

3. O acto polo que se acorde ou denegue a modificación da resolución ditarao a persoa titular da Consellería de Política Social e Igualdade por proposta da Comisión Instrutora, logo da correspondente tramitación e, se é o caso, con audiencia da entidade interesada.

4. Cando a entidade beneficiaria da subvención poña de manifesto na xustificación que se produciron alteracións das condicións tidas en conta para a concesión desta que non afecten esencialmente a natureza ou os obxectivos da subvención, e que poden ter dado lugar á modificación da resolución téndose omitido o trámite de autorización administrativa previa, o órgano concedente poderá aceptar a xustificación presentada, sempre que tal aceptación non supoña danar dereitos de terceiros.

Esta aceptación polo órgano concedente non exime a entidade beneficiaria das sancións que lle poidan corresponder, de conformidade coa citada Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Artigo 21. *Obrigas das entidades beneficiarias*

Sen prexuízo das demais obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, as entidades beneficiarias das axudas concedidas ao abeiro desta orde estarán obrigadas a:

a) Executar o programa/proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención e cumprir o seu obxectivo.

CVE-DOG: crlbj5q6-x8w8-6xu0-69v0-usbzpubbyfn77



b) Xustificar, ante o órgano concedente, o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, de acordo co establecido no artigo 23.

c) Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidos, e realizar as actuacións que integran o programa/proxecto subvencionado, segundo o estipulado no artigo 41 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

d) No suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables, destinar os ditos bens ao fin concreto para o cal se concedeu a subvención, durante un prazo que non pode ser inferior a cinco anos, no caso de bens susceptibles de inscrición nun rexistro público, nin a dous anos para o resto de bens.

e) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien os programas/proxectos subvencionados. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

f) Conservar os documentos xustificativos orixinais da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

g) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedente e ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coa subvención concedida, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, e achegar tanta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

h) Incorporar de forma visible no material de difusión dos programas ou investimentos o seu financiamento por parte da Xunta de Galicia, de xeito que se cumpra a obriga de darlles publicidade aos programas/proxectos de investimento con cargo a esta convocatoria, nos termos establecidos no artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 20 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

i) Ter subscrito unha póliza de seguro de accidentes e de responsabilidade civil a favor do persoal voluntario que participe nos programas/proxectos subvencionados, conforme o previsto nos artigos 7.g) e 11.i) da Lei 10/2011, do 28 de novembro.

CVE-DOG: crlbj5q6-x8w8-6xu0-69v0-usbzpubyfn77



k) As entidades beneficiarias de programas de apoio á inclusión sociolaboral, programas de intervención comunitaria en territorios en exclusión, programas de prestacións en áreas urbanas ou periurbanas nas cales se acredite unha concentración significativa ou anómala de situacións de exclusión social, programas de mediación social e/ou intercultural definidos na liña II.1, letra g), do anexo I, programas de inclusión residencial e programas de asesoramento técnico especializado, todos eles da liña II, incorporaranse como usuarias da aplicación informática deseñada e implantada para a xestión da Estratexia de inclusión social de Galicia 2023-2030 e introducirán a información das prestacións realizadas e das persoas beneficiarias na plataforma habilitada.

l) Calquera outra obriga imposta ás entidades beneficiarias na normativa estatal ou autonómica aplicable, así como nesta orde.

Artigo 22. *Pagamento*

O pagamento do 100 % do importe da subvención concedida realizarase dunha soa vez en concepto de anticipado, que se fará efectivo unha vez notificada a resolución.

Artigo 23. *Xustificación: obxecto, prazo e documentación*

1. O programa e/ou proxecto de investimento deberá coincidir co contido da memoria presentada inicialmente ou ben coas reformulacións ou modificacións autorizadas, de acordo coa resolución de concesión da subvención. A entidade beneficiaria acreditará o cumprimento das obrigas establecidas na normativa aplicable.

2. A xustificación comprenderá o custo total do programa ou proxecto de investimento subvencionado de acordo coa última memoria explicativa presentada, e non só a contía da subvención concedida. No caso de actividades financiadas con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá reflectirse na memoria económica que conterá unha relación detallada deles, con indicación do importe, procedencia e aplicación destes ás actividades subvencionadas.

A xustificación das actividades subcontractadas realizarase mediante a presentación do documento subscrito entre a entidade subvencionada e a/s entidades/s subcontractada/s, no cal necesariamente deberán reflectirse a especificación das actividades que se subcontracten, a súa duración e o importe da subcontractación.

CVE-DOG: crlbj5q6-x8w8-6xu0-69v0-usbzpubbyfn77



En todo caso, contarase coa/s correspondente/s factura/s de gasto e xustificantes de pagamento.

3. Só será subvencionable o gasto realizado que fose efectivamente pagado con anterioridade á finalización do prazo de xustificación determinado no número seguinte respecto do que se xustifique o pagamento, segundo o disposto no artigo 42.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, mediante extractos ou certificacións bancarias.

4. A documentación xustificativa presentarse ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social e Igualdade con data límite do 16 de marzo de 2027.

5. As federacións, confederacións, agrupacións e entidades ás cales se lles conceda unha cantidade igual ou superior a 30.000,00 € pola suma de todas as subvencións concedidas para os programas e/ou proxectos de investimento desta orde realizarán a xustificación a través dunha conta xustificativa que incorpore unha memoria de actuación e unha memoria económica abreviada, con achega do informe de auditoría, de acordo co regulado no artigo 50 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A emisión do informe de auditoría axustarase ao disposto na Orde EHA/1434/2007, do 17 de maio, pola que se aproba a norma de actuación dos auditores de contas na realización dos traballos de revisión de contas xustificativas de subvención, no ámbito do sector público estatal, previstos no artigo 74 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e ao disposto nesta orde.

6. A verificación que debe realizar a auditoría de contas terá, en todo caso, o seguinte alcance:

a) O cumprimento por parte das entidades beneficiarias das obrigas establecidas nesta orde e no resto da normativa que lles é de aplicación na xestión e aplicación da subvención.

b) A adecuada e correcta xustificación da subvención por parte das entidades beneficiarias.

c) A realidade e a regularidade dos proxectos e/ou programas, de acordo coa xustificación presentada polas entidades beneficiarias, foron financiadas coa subvención.

d) O adecuado e correcto financiamento das actividades subvencionadas.



7. O informe da persoa auditora permitirá obter evidencia suficiente para poder emitir unha opinión sobre a execución dos gastos do programa/proxecto ou actividade subvencionada, conforme estas bases. En todo caso, deberá consta expresamente que se efectuaron as seguintes comprobacións:

a) Que a conta xustificativa foi subscrita pola persoa representante legal da entidade ou persoa con capacidade; débese anexar ao informe unha copia deste documento verificado pola persoa auditora.

b) Que existe concordancia entre a memoria de actuación e os documentos utilizados para realizar a revisión da xustificación económica.

c) Que o importe xustificado corresponde ao concedido, e que se encontra correctamente desagregado e identificado na conta xustificativa, con indicación das imputacións aplicadas. A revisión abranguerá a totalidade dos gastos realizados incorridos na realización das actividades que conforman os programas/proxectos subvencionados. No caso doutros ingresos ou subvencións que financien o mesmo programa e/ou proxecto, deberá indicar o seu importe e a súa procedencia.

d) Que o gasto declarado é real e elixible, e que está debidamente acreditado e xustificado conforme a normativa vixente. Para ditos efectos, o informe de auditoría deberá confirmar:

1º. Que os gastos realizados e imputados ao programa/proxecto gardan unha relación directa con este, e que son conformes coas normativas autonómica, nacional e comunitaria en materia de elixibilidade de gastos e subvencións.

2º. Que as facturas orixinais ou documentos contables de valor probatorio equivalente que figuran na relación de gastos contan cos datos requiridos pola lexislación vixente e que os ditos gastos son realizados e efectivamente pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación, salvo aqueles que, pola súa propia natureza, se deban liquidar en datas posteriores.

e) Que a entidade beneficiaria utiliza un sistema de contabilidade separada ou codificación contable que permite a inequívoca identificación dos gastos realizados.

f) Que a entidade beneficiaria dispón de tres ofertas de diferentes persoas proveedoras, nos supostos previstos no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e dunha memoria que

CVE-DOG: crlbj5q6-x8w8-6xu0-69v0-usbzpubbyfn77



xustifique razoablemente a elección da persoa provedora, naqueles casos en que non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

g) No informe constará o pronunciamento sobre a elixibilidade do IVE imputado ao programa/proxecto e que non é susceptible de recuperación ou compensación.

h) Que existe acreditación documental, material e/ou gráfica, a través de fotografías, copias e/ou captura de pantallas, do cumprimento da obriga de información e publicidade do financiamento público do programa/proxecto subvencionado.

i) En caso de que o programa/proxecto conte coa participación de persoal voluntario, existencia das preceptivas pólizas de seguros de responsabilidade civil e de accidentes que cubran estas persoas mentres dure o dito programa ou proxecto, ademais de que a entidade está ao día no pagamento das citadas pólizas.

8. As entidades ás cales se lles conceda unha cantidade inferior a 30.000,00 € pola suma das subvencións concedidas para os programas e/ou proxectos de investimento desta orde poderán optar, á súa elección, por realizar a xustificación a través de conta xustificativa, coa achega do informe de auditoría nos termos previstos nos números 5, 6 e 7, ou a través da conta xustificativa simplificada, regulada no artigo 51 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Neste último caso, deberán xuntar:

a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

b) De ser o caso, carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como dos xuros derivados destes.

c) Certificación dos gastos polo importe total do programa e/ou proxecto de investimento, distribuídos por partidas orzamentarias, e na cal se indiquen as distintas fontes de financiamento, asinada pola persoa que teña a representación legal en Galicia da entidade beneficiaria.

d) Declaración responsable, complementaria e actualizada, emitida pola persoa representante legal de cada unha das entidades que conforman a entidade beneficiaria, no caso de agrupación de entidades, doutras axudas solicitadas, pendentes de resolución, outorgadas ou recibidas para o mesmo programa e/ou proxecto de investimento subvencionado.

CVE-DOG: crlbj5q6-x8w8-6xu0-69v0-usbzpubyfn77



e) Relación de todos os gastos efectuados, con indicación da data e do número da factura ou do documento xustificativo do gasto, identificación do seu emisor, data e forma de pagamento e descrición do gasto co seu importe en moeda local, de ser o caso, e o seu equivalente en euros.

f) Para os programas/proxectos subvencionados en que participen persoas voluntarias, copia das pólizas e xustificante de estar ao día no pagamento das pólizas de seguros de responsabilidade civil e accidentes, subscritas pola entidade beneficiaria, que cubran as persoas voluntarias mentres duren os programas/proxectos, polos prexuízos que se poidan causar durante o desenvolvemento das actuacións que o conforman.

g) Para os programas/proxectos de inclusión sociolaboral, excepto para os programas formativos definidos na liña II.1, letra d), do anexo I, documento acreditativo das prestacións recibidas polas persoas usuarias, segundo o modelo que facilite a Consellería de Política Social e Igualdade.

h) Se o importe do gasto subvencionable supera as contías establecidas para o contrato menor na Lei 9/2017, do 8 de novembro, deberán remitir copia do expediente de contratación, de ser o caso, e, como mínimo, tres ofertas de diferentes persoas provedoras, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, prestación do servizo ou entrega do ben, agás que polas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, ou que o gasto fose realizado con anterioridade á solicitude de subvención. A elección entre as ofertas presentadas deberá xustificarse expresamente nunha memoria cando a elección non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

9. Os gastos das entidades terán que adaptarse aos conceptos de gasto consignados na memoria inicial presentada coa solicitude, ou na memoria adaptada, no caso de a ter presentado, aínda que se poderán admitir desviacións na imputación de cantidades aos conceptos de gasto, nunha contía máxima do 30 %, en máis ou en menos, do importe da axuda finalmente concedida, sempre que non se modifique a contía total subvencionada nin a desviación orzamentaria se aplique a conceptos de gasto non autorizados.

Igualmente, no caso de que figuren varias entidades executantes, poderanse admitir desviacións nos gastos consignados para cada unha delas na memoria inicial presentada coa solicitude, ou na memoria adaptada, de ata un máximo dun 30 % do importe da axuda finalmente concedida, sempre que non se modifique a contía total subvencionada nin a desviación orzamentaria se aplique a conceptos de gasto non autorizados.

CVE-DOG: crlbj5q6-x8w8-6xu0-69v0-usbzpubyfn77



No suposto das desviacións dunha ou de varias entidades executantes, indicado nos dous parágrafos anteriores, deberán respectarse as limitacións establecidas no artigo 6 para as axudas de custo e para os gastos de xestión e administración relacionados co funcionamento habitual da entidade solicitante.

O anterior entenderase sen prexuízo da obriga da entidade beneficiaria de solicitar, con carácter excepcional, e sempre que resulte alterado o contido dos programas/proxectos, modificacións baseadas na aparición de circunstancias que alteren ou dificulten o desenvolvemento do programa ou proxecto, que deberán ser autorizadas expresamente de acordo co establecido no artigo 20.

A documentación que xustifique os gastos efectuados con cargo á subvención concedida presentarse separada para cada un dos programas/proxectos subvencionados.

A entidade beneficiaria asignarlle un número de orde a cada xustificante de gasto e debe ter en conta que a suma de todos os importes correspondentes aos distintos conceptos de gastos debe xustificar o importe total de cada programa, segundo a memoria adaptada, no caso de a ter presentado.

Artigo 24. *Incumprimento, reintegro, infraccións e sancións*

1. Ás entidades beneficiarias das subvencións recollidas nesta orde seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no título VI do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. O incumprimento das obrigas contidas nesta orde ou demais normativa aplicable, así como as condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora correspondentes. Para estes efectos, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e na súa normativa de desenvolvemento, e en función do seguinte:

a) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención: reintegro do 100 % da axuda concedida.

b) Non dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento nos termos establecidos na letra h) do artigo 21: reintegro do 2 % da axuda concedida.

CVE-DOG: crlbj5q6-x8w8-6xu0-69v0-usbzpubbyfn77



c) Aplicación da subvención a conceptos de gasto e a ámbitos territoriais doutras comunidades autónomas ou a programas/proxectos diferentes dos que figuran na solicitude: reintegro do 100 % da axuda concedida.

d) Incumprimento das obrigas establecidas nos artigos 11 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como nos supostos establecidos no artigo 33 desta mesma lei, e/ou calquera outro que resulte da normativa aplicable e non recollido nos puntos anteriores: reintegro de ata o 100 % da axuda concedida.

3. Igualmente, procederá o reintegro do exceso percibido nos supostos en que o importe da subvención, illadamente ou en concorrencia con axudas ou subvencións doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo do programa/proxecto que vai desenvolver a entidade beneficiaria.

4. As cantidades que teñan que reintegrar as entidades beneficiarias terán a consideración de ingresos de dereito público, e será de aplicación para o seu cobramento o previsto no artigo 14.4 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e na normativa comunitaria de aplicación.

5. De conformidade co previsto no artigo 64 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a entidade beneficiaria poderá realizar a devolución voluntaria de cantidades indebidamente percibidas mediante ingreso na conta habilitada da Facenda pública galega. O importe da devolución incluírá os xuros de demora. No documento de ingreso deberán identificarse o número de expediente, o concepto da devolución e o nome e NIF da entidade beneficiaria. Unha vez ingresado, deberáselle comunicar á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social e Igualdade a devolución voluntaria realizada.

Artigo 25. *Comprobación, inspección e control*

1. A Consellería de Política Social e Igualdade levará a cabo as actividades de comprobación que considere oportunas para controlar o cumprimento das axudas reguladas nesta orde.

Mediante a técnica de mostraxe aleatoria simple, a Consellería de Política Social e Igualdade poderá requiririlles ás entidades beneficiarias, en calquera fase do procedemento, a documentación que se considere oportuna para os efectos de comprobación do cumprimento dos requisitos e obrigas contidos nesta orde, o que pode incluír a achega dos ori-



xinais dos xustificantes que considere oportunos, nos casos en que a normativa reguladora aplicable así o estableza.

2. No caso de subvencións de capital superiores a 60.000,00 €, en cómputo individual, destinadas a investimentos en activos tanxibles, o órgano concedente realizará a comprobación material do investimento, do que quedará constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada tanto pola persoa representante da Administración como pola entidade beneficiaria.

3. Sen prexuízo do establecido no número anterior, realizará, ben con persoal propio ou a través de empresas auditoras, actuacións de comprobación e control para verificar sobre o terreo o cumprimento das condicións para a percepción das axudas. As comprobacións incidirán sobre todos aqueles aspectos que garantan a realización dos compromisos adquiridos e o cumprimento dos requisitos fixados nesta orde. O persoal encargado da verificación levantará a acta da actuación de control, que asinará a entidade beneficiaria á cal se lle entregará unha copia, e presentarlle ao órgano competente xunto co informe de verificación. A entidade beneficiaria queda obrigada a facilitarlle ao persoal designado encargado de realizar a verificación copia da documentación que se lle solicite, relativa ao expediente obxecto de control.

4. Ademais, todas as axudas estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e a súa normativa de desenvolvemento. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Artigo 26. *Información ás entidades interesadas*

Sobre este procedemento poderase obter información a través do teléfono 012, no enderezo electrónico ceroseteirpf@xunta.gal, na dirección xeral competente en materia de familia e infancia, na dirección xeral competente en materia de inclusión social, na dirección xeral competente en materia de persoas con discapacidade, na dirección xeral competente en materia de persoas maiores e nas direccións xerais competentes en materia de loita contra a violencia de xénero e en materia de promoción da igualdade, así como na Guía de procedementos e servizos no enderezo <https://sede.xunta.gal/guia-de-procedementos-e-servizos>

CVE-DOG: crlbj5q6-x8w8-6xu0-69v0-usbzpubyfn77



Disposición adicional primeira. *Base de datos nacional de subvencións*

De conformidade co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información necesaria.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento da orde*

Autorízase a persoa titular da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social e Igualdade para ditar as instrucións e os actos que sexan necesarios para a execución desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago Compostela, 16 de xuño de 2025

Fabiola García Martínez
Conselleira de Política Social e Igualdade

ANEXO I

Liñas de actuación

Liña I. Actuacións no ámbito da familia, infancia e dinamización demográfica.

I.1. Actuacións en materia de prevención, protección e fomento dos dereitos da infancia.

Programas que recollan medidas dirixidas á prevención e protección da infancia e ao fomento dos seus dereitos.

Serán obxecto de subvención os seguintes programas:

a) Programas de prevención, intervención e seguimento das situacións de posible risco prenatal.

b) Programas que leven a cabo actuacións que permitan a prevención, detección e intervención educativa, sociofamiliar e/ou psicoterapéutica en situacións de violencia cara á



infancia, incluíndo se é a causa da orientación sexual e/ou a identidade de xénero do/da neno/a e da explotación infantil, así como da violencia entre iguais.

c) Programas que promovan o desenvolvemento educativo e sociofamiliar da infancia a través de actividades educativas, culturais e de lecer que fomenten hábitos de vida saudables e favorezan a participación infantil e a súa inclusión social, contribuíndo á sensibilización sobre os dereitos da infancia e facilitando o intercambio de información institucional que posibilite a relación dos nenos e nenas e as súas familias, especialmente atendendo a situacións de risco.

d) Programas que ofrezan atención educativa e sociofamiliar a nenos/as e persoas mozas que están aloxadas e conviven en servizos residenciais de protección á infancia, potenciando factores de desenvolvemento persoal e habilidades sociais para a súa integración e reinserción social que sexan innovadores e establezan criterios de avaliación, apliquen estándares de calidade xeral e de accesibilidade por cada tipo de servizo en acollemento residencial e fomenten a participación das persoas menores na elaboración da programación de actividades do centro.

e) Programas que inclúan aspectos de mediación intercultural para facilitar a adaptación da persoa menor ao centro, ademais da relación do persoal técnico coas familias.

f) Programas de acollemento familiar dirixidos a persoas menores que se encontren baixo unha medida de protección, que lles ofrezan un novo medio familiar como alternativa ao internamento en centros de menores.

g) Programas de prevención da delincuencia xuvenil e aqueles deseñados para levar a cabo as medidas e actuacións administrativas en casos de menores de 14 anos que cometan delitos, incluíndo o traballo coas familias.

h) Programas de apoio e colaboración na execución das medidas de internamento e medio aberto que levan a cabo as entidades executantes, que desenvolvan actuacións distintas e complementarias ás requiridas para a execución das medidas, ao abeiro do establecido no artigo 45.3 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, contribuíndo á integración das e dos menores no contexto familiar, social, educativo e laboral, con especial relevancia na intervención coas familias.

CVE-DOG: crlbj5q6-x8w8-6xu0-69v0-usbzpubbyfn77



i) Programas de mediación pre e postsentencial no ámbito da xustiza penal xuvenil, baseados na responsabilización, reparación, conciliación, prevención, educación, integración e reinserción.

I.2. Actuacións de apoio ás familias e conciliación.

Programas que recollan actuacións de apoio ás familias e de conciliación da vida persoal, laboral e familiar dos membros da unidade familiar:

Serán obxecto de subvención os seguintes programas:

a) Programas que recollan actuacións con familias nas cales convivan nenos, nenas e adolescentes con necesidades especiais de coidado.

b) Programas de orientación, mediación e intervención familiar dirixidos á atención e prevención das diferentes situacións problemáticas ou de risco que, pola súa natureza, poidan estar asociadas a procesos de desintegración familiar.

c) Programas de orientación e intervención psicoterapéutica para a abordaxe de situacións de violencia filioparental.

d) Programas que recollan actividades e intervencións que se desenvolvan en zonas desfavorecidas ou no ámbito rural e que inclúan intervencións en contornos familiares de especial vulnerabilidade ou dificultade social.

e) Programas que recollan actuacións nas áreas de saúde, seguimento escolar, pautas de crianza saudable e positiva e socialización, entre outras.

f) Programas que consideren actuacións dirixidas á difusión, sensibilización ou promoción da parentalidade positiva e aqueles que promovan o desenvolvemento de competencias emocionais, educativas e parentais, dirixidos a familias con fillos e fillas menores a cargo.

g) Programas destinados a prestar apoio ás familias mediante servizos de atención socioeducativa a nenos e nenas, que faciliten a conciliación familiar (espazos de xogo, de encontro familiar, de respiro, de atención domiciliaria), así como aqueles destinados a proporcionar pautas de crianza saudables ás familias integrantes do programa.



h) Programas de formación, orientación e apoio ás persoas do ámbito familiar que exerzan labores parentais de coidado e crianza favorecendo as relacións interxeracionais.

i) Programas de asesoramento e acompañamento laboral a familias que se encontran en situación de especial dificultade ou exclusión social, familias en situación de risco e familias monoparentais e/ou numerosas.

Liña II. Actuacións de inclusión social.

II.1. Actuacións comúns dirixidas a todas as persoas en situación ou risco de exclusión social:

a) Programas de atención ás necesidades básicas: serán programas dirixidos á atención e cobertura das necesidades básicas urxentes. Incluirá prestacións dos servizos de atención ás necesidades básicas; de cobertura da necesidade de alimento e de provisión de recursos básicos; atención social continuada; de atención na rúa; de acollida básica e de atención urxente incluídos na Carteira de servizos de inclusión da Xunta de Galicia. Poderá estenderse a todas as prestacións incluídas nestes servizos, especialmente restauración, enderezo postal, ducha e entrega de material de hixiene, peiteado, repartición de comida elaborada, provisión de alimentos, provisión de vestiario e enxoval doméstico, apoio na provisión de medios e na obtención de documentos administrativos esenciais, atención á convivencia e apoio psicolóxico.

b) Programas de apoio á inclusión sociolaboral: incluíran programas tanto de inclusión básica como de inclusión e transición ao emprego. Serán programas dirixidos a persoas e familias en vulnerabilidade ou situación de pobreza e/ou exclusión social, orientados a reverter procesos de exclusión social, incluíndo a exclusión severa, mediante o apoio socioeducativo e psicosocial, así como, de ser o caso, o fortalecemento das competencias necesarias para posibilitar o acceso ao emprego. As prestacións e a súa intensidade variarán en función do establecido no proxecto de inclusión sociolaboral.

c) Programas de reforzo socioeducativo para menores en situación ou risco de exclusión social: serán programas dirixidos ao reforzo educativo extraescolar, á prevención do absentismo e do abandono escolar e a actividades promotoras da integración social, campamentos e actividades extraescolares.

CVE-DOG: crlbj5q6-x8w8-6xu0-69v0-usbzpubbyfn77



d) Programas de formación: as accións formativas normalmente formarán parte das prestacións dos procesos de inclusión e transición e subvencionaranse nos programas de inclusión sociolaboral, aínda que, excepcionalmente, se subvencionarán programas de formación independentes, sobre todo cando sexan para a adquisición das competencias clave, alfabetización dixital e preparación para a educación secundaria obrigatoria ou educación secundaria para adultos.

e) Programas de intervención comunitaria en territorios en exclusión: os seus destinatarios son persoas ou grupos sociais, especialmente en situación de vulnerabilidade, pobreza ou exclusión, que residan nun territorio en exclusión. Para os efectos desta orde, entenderase como territorio en exclusión aquel que, como consecuencia dos impactos do cambio demográfico, envellecemento e declive de poboación, unidos a unha alta dispersión da mesma poboación, falta de oportunidades de emprego e dificultade de acceso a servizos públicos, presenta dificultades importantes para o seu desenvolvemento.

f) Programas de prestacións en áreas urbanas ou periurbanas nas cales se acredite unha concentración significativa ou anómala de situacións de exclusión social: son programas destinados a persoas e familias residentes en áreas urbanas e periurbanas en risco ou situación de exclusión social.

g) Programas de mediación social e/ou intercultural: prestacións dirixidas a dar apoio profesional destinado a facilitar a comunicación, o entendemento e a transformación das relacións entre persoas e grupos sociais culturalmente diferenciados, así como a previr e solucionar conflitos e/ou construír unha nova realidade social compartida.

II.2. Actuacións dirixidas a persoas sen fogar e en exclusión residencial grave. Ademais das prestacións comúns, poderán financiarse os seguintes programas específicos:

a) Programas de intervención integral de inclusión sociolaboral, tanto de inclusión básica como de transición ao emprego: dirixidos a promover a inclusión social das persoas sen fogar mediante itinerarios de inclusión que inclúen, ademais das prestacións comúns do servizo de apoio á inclusión sociolaboral, o aloxamento, a manutención, o roupeiro ou a atención á convivencia.

b) Programas de atención a persoas en situación ou risco de exclusión social con trastornos adictivos e patoloxía mental crónica: serán programas dirixidos á provisión dun servizo de inclusión residencial ás persoas con trastornos adictivos que estean na última fase dun proceso terapéutico de deshabitación ou con patoloxías mentais crónicas estabilizadas.



c) Programas de inclusión residencial: comprenderán prestacións de atención orientada ao apoio das persoas en procesos de inclusión sociolaboral que teñan dificultades no acceso ou mantemento da estabilidade residencial. Inclúiranse tamén nesta epígrafe as prestacións de intervención integral dirixidas a promover a inclusión social básica das persoas sen fogar mediante o acceso á vivenda.

II.3. Actuacións dirixidas á poboación xitana. Ademais dos programas comúns aos cales poden acceder as persoas xitanas, poderán financiarse os seguintes programas específicos:

Programas de asesoramento técnico especializado: programas destinados a proporcionar información en materias de diversa índole que requiren un coñecemento especializado: estranxeiría, dereito familiar, abordaxe da violencia de xénero, discriminación por motivos raciais ou étnicos. Inclúirá asesoramento técnico profesional e acompañamento na realización de trámites.

II.4. Actuacións dirixidas a persoas inmigrantes. Ademais dos programas comúns, aos cales poden acceder as persoas inmigrantes, poderán financiarse os seguintes programas específicos:

a) Programas de asesoramento técnico especializado: programas destinados a proporcionar información en materias de diversa índole que requiren un coñecemento especializado: estranxeiría, dereito familiar, abordaxe da violencia de xénero, discriminación por motivos raciais ou étnicos. Inclúirá asesoramento técnico-profesional e acompañamento na realización de trámites.

b) Programas de promoción da participación social: programas dirixidos á adquisición de habilidades lingüísticas e/ou coñecemento dos costumes, funcionamento e valores da sociedade de acollida pola poboación inmigrante e emigrante retornada en situación de vulnerabilidade. Inclúe accións formativas de alfabetización e competencia oral nas linguas oficiais de Galicia e as dirixidas ao coñecemento dos valores e características da sociedade de acollida, así como a mediación intercultural.

Liña III. Actuacións de promoción da autonomía persoal e apoio de persoas con discapacidade.

Programas que fomenten a autonomía persoal, a inclusión e o apoio ás persoas con discapacidade e ás súas familias.

CVE-DOG: crlbj5q6-x8w8-6xu0-69v0-usbzpubbyfn77



Serán obxecto de subvención os seguintes programas:

- a) Programas dirixidos a mellorar a calidade de vida, a autonomía persoal e a inclusión social e laboral das persoas con discapacidade.
- b) Programas de apoio a persoas con discapacidade con alteracións da saúde mental ou que se encontran noutras situacións que incrementan a súa exclusión social.
- c) Programas de apoio a persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica.
- d) Promoción da prevención, identificación e diagnóstico precoz da discapacidade e a atención temperá.
- e) Programas culturais, deportivos e de participación, en xeral, nos cales se favoreza a presenza conxunta de persoas con e sen discapacidade.
- f) Programas de investigación no ámbito sociosanitario que permitan mellorar a autonomía persoal das persoas con discapacidade.
- g) Programas de creación de sistemas de información e estatísticos que permitan a avaliación da situación das persoas con discapacidade para poder mellorar a súa calidade de vida.
- h) Programas que promovan a autonomía persoal facilitando a comunicación, a mobilidade e accesibilidade das persoas con discapacidade: linguaxe de signos, transporte adaptado e mobilidade porta a porta.
- i) Programas de utilización de tecnoloxías, produtos ou servizos relacionados coa información e a comunicación ou outros servizos que faciliten a autonomía persoal, a súa permanencia no domicilio e no seu contorno social e familiar.
- j) Programas que favorezan o apoio ao envellecemento activo das persoas con discapacidade.
- k) Programas dirixidos a familias con persoas con discapacidade en situación de especial vulnerabilidade.



l) Programas que promovan o desenvolvemento das habilidades e competencias adecuadas nas familias e coidadores de persoas con discapacidade.

m) Programas que promovan servizos transitorios de aloxamento de familias desprazadas por motivos médicos e en períodos de convalecencia.

n) Programas que promovan servizos de respiro, apoio e descanso para familiares coidadores de persoas con discapacidade.

o) Programas de reforzo educativo e de mellora da inclusión educativa en centros educativos ordinarios das persoas con discapacidade.

p) Programas de promoción da formación de adultos, formación prelaboral e de adquisición de habilidades das persoas con discapacidade.

q) Programas de atención e apoio ás familias de persoas con discapacidade.

Liña IV. Proxectos de investimento e adecuación de centros e unidades de atención destinados a persoas con discapacidade.

Serán obxecto de subvención as seguintes actuacións:

a) Proxectos de investimento para a realización de obras de primeiro establecemento, reforma, restauración, rehabilitación ou gran reparación para a prestación de servizos de atención a persoas con discapacidade.

b) Proxectos de investimento para a realización de obras de conservación e mantemento de centros e servizos de atención a persoas con discapacidade.

c) Proxectos de investimento para a adquisición de inmobles destinados á prestación de servizos de atención a persoas con discapacidade.

d) A adquisición de subministracións, equipamentos e vehículos que faciliten a prestación de servizos a persoas con discapacidade.



Liña V. Proxectos de investimento e adecuación de centros e unidades de atención destinados a persoas en situación ou risco de exclusión social.

Serán obxecto de subvención as seguintes actuacións:

a) Proxectos de investimento para a realización de obras de primeiro establecemento, reforma, restauración, rehabilitación ou gran reparación para a prestación de servizos de atención a persoas en situación ou risco de exclusión social.

b) Proxectos de investimento para a realización de obras de conservación e mantemento de centros e servizos de atención a persoas en situación ou risco de exclusión social.

c) Proxectos de investimento para a adquisición de inmobles destinados á prestación de servizos de atención a persoas en situación ou risco de exclusión social.

d) A adquisición de subministracións, equipamentos e vehículos que faciliten a prestación de servizos a persoas en situación ou risco de exclusión social.

Liña VI. Actuacións de promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e loita contra a violencia de xénero.

Serán obxecto de subvención os seguintes tipos de actuacións para os colectivos indicados no artigo 5.8:

VI.1. Actuacións comúns para mulleres e persoas do colectivo LGBTI en situación de vulnerabilidade.

a) Programas de información, atención, orientación e asesoramento para mulleres e persoas do colectivo LGBTI en situación de vulnerabilidade.

b) Programas de acollida e aloxamento para mulleres e persoas do colectivo LGBTI en situación de vulnerabilidade.

c) Programas de formación para o emprego e de inserción sociolaboral, tanto por conta propia como por conta allea, de mulleres e persoas do colectivo LGBTI en situación de vulnerabilidade.

CVE-DOG: crlbj5q6-x8w8-6xu0-69v0-usbzpubbyfn77



d) Programas de conciliación dirixidos a mulleres e persoas do colectivo LGBTI en situación de vulnerabilidade, que consistan en actividades de coidado e atención a menores de doce anos, persoas con discapacidade e/ou dependentes e persoas maiores.

e) Programas que promovan o apoderamento e/ou a participación activa na sociedade de mulleres e persoas do colectivo LGBTI en situación de vulnerabilidade.

f) Programas para a mellora da saúde integral e/ou sobre a sexualidade, dirixidos a mulleres e persoas do colectivo LGBTI en situación de vulnerabilidade.

VI.2. Actuacións específicas para mulleres vítimas de violencia de xénero e das súas fillas e fillos en calquera das formas que se recollen no artigo 3 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

a) Programas de acollida e aloxamento das mulleres vítimas de violencia de xénero e dos seus fillos e fillas.

b) Programas de asesoramento, atención e/ou de protección e seguridade das mulleres vítimas de violencia de xénero e dos seus fillos e fillas.

c) Programas especialmente dirixidos ás mulleres vítimas de violencia en calquera destas áreas: formación para o emprego, inserción sociolaboral, conciliación, saúde, sexualidade, apoderamento e/ou participación activa.

Liña VII. Actuacións de promoción da autonomía persoal de apoio a persoas maiores e a persoas dependentes.

Programas que fomenten a prevención da dependencia a través do envellecemento activo e saudable, actuacións que promovan a autonomía persoal e a permanencia das persoas maiores no seu domicilio, e programas que contribúan a combater a soidade e o illamento social, entre outras actuacións.

Serán obxecto de subvención os seguintes programas:

a) Programas dirixidos á promoción da autonomía persoal, envellecemento activo e prevención da dependencia.

b) Programas dirixidos a persoas maiores con cargas familiares.

CVE-DOG: crlbj5q6-x8w8-6xu0-69v0-usbzpubbyfn77



c) Programas dirixidos a persoas maiores, destinados a combater o fenómeno da soledade non desexada.

d) Programas de atención dirixidos a persoas maiores con deterioración cognitiva ou dependentes, especialmente os de carácter innovador.

e) Programas dirixidos a persoas maiores que estean en situación de especial vulnerabilidade.

f) Programas de atención sociosanitaria ás persoas maiores no final da vida.

g) Programas dirixidos a persoas maiores incapacitadas legalmente.

h) Programas de servizos de acompañamento para a realización de visitas médicas ou outras xestións ou actividades.

i) Promoción do emprego das TIC entre as persoas maiores.

j) Programas de promoción de redes sociais e outras actuacións de apoio e acompañamento das persoas maiores.

k) Programas de atención, coidado persoal e asistencia doméstica que favorezan a permanencia das persoas maiores no seu domicilio, incluídas as subministracións externas de comida e lavandaría.

l) Programas de atención sociosanitaria en centros de día e centros de noite.

m) Programas de utilización de tecnoloxías, produtos ou servizos relacionados coa información e a comunicación ou outros servizos que faciliten a autonomía persoal, a súa permanencia no domicilio e no seu contorno social e familiar, e teleasistencia.

n) Programas de formación e prestación de servizos de asistencia persoal para persoas fráxiles sen dereito á prestación de dependencia.

o) Programas que promovan o desenvolvemento das habilidades e competencias adecuadas nas familias e persoas coidadoras de persoas maiores.

p) Programas que promovan servizos transitorios de aloxamento de familias desprazadas por motivos médicos e en períodos de convalecencia.

CVE-DOG: crlj5q6-x8w8-6xu0-69v0-usbzpubbyfn77



q) Programas que promovan servizos de respiro, apoio e descanso para familiares coadutores de persoas maiores.

Liña VIII. Proxectos de investimento e adecuación de centros e unidades de atención destinados a persoas maiores e a persoas dependentes.

a) Proxectos de investimento para a realización de obras de primeiro establecemento, reforma, restauración, rehabilitación ou gran reparación para a prestación de servizos de atención a persoas maiores ou persoas dependentes.

b) Proxectos de investimento para a realización de obras de conservación e mantemento de centros e servizos de atención a persoas maiores ou persoas dependentes.

c) Proxectos de investimento para a adquisición de inmobles destinados á prestación de servizos de atención a persoas maiores ou persoas dependentes.

d) A adquisición de subministracións, equipamentos e vehículos que faciliten a prestación de servizos a persoas maiores ou persoas dependentes.

Liña IX. Proxectos de investimento e adecuación de centros do sistema de protección e reforma xuvenil.

Serán obxecto de subvención as seguintes actuacións:

a) Proxectos de investimento para a realización de obras de primeiro establecemento, reforma, restauración, rehabilitación ou gran reparación para a prestación de servizos de atención á infancia do sistema de protección e reforma xuvenil.

b) Proxectos de investimento para a realización de obras de conservación e mantemento de centros para a prestación de servizos de atención á infancia, do sistema de protección e reforma xuvenil.

c) A adquisición de subministracións, equipamentos e vehículos que faciliten a prestación de servizos de atención á infancia, do sistema de protección e reforma xuvenil.



XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE

ANEXO II

PROCEDEMENTO

SUBVENCIÓNS DESTINADAS Á REALIZACIÓN DE PROGRAMAS DE INTERESE XERAL PARA FINS DE CARÁCTER SOCIAL, CON CARGO Á ASIGNACIÓN TRIBUTARIA DO 0,7 % DO IRPF E DO IMPOSTO DE SOCIEDADES

CÓDIGO DE PROCEDEMENTO

BS623D

DOCUMENTO

SOLICITUDE

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

IDENTIFICACIÓN

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

RAZÓN SOCIAL

ENDEREZO

PAÍS

TIPO

NOME DA VÍA

NÚM.

BLOQ.

ANDAR

PORTA

CÓDIGO POSTAL

PROVINCIA

CONCELLO

LOCALIDADE

PARROQUIA

LUGAR

CONTACTO

PREFIXO

TELÉFONO 1

PREFIXO

TELÉFONO 2

CORREO ELECTRÓNICO

PÁXINA WEB DA ENTIDADE

DATOS DO REXISTRO ADMINISTRATIVO EN QUE ESTÁ INSCRITA (identificación do Rexistro e número de inscrición).

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

IDENTIFICACIÓN

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

DATOS BANCARIOS

☒ Formato IBAN☐ Formato BIC

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA

NÚMERO DE CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

ACTUACIÓNS PARA AS CALES SE SOLICITA SUBVENCIÓN (campo obrigatorio)

Deberán identificarse de acordo coas liñas establecidas no artigo 5 da orde e coas actuacións e programas detallados no anexo I da dita orde

[illegible]

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo programa/proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo programa/proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMO	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

3. Que a entidade solicitante, así como, se é o caso, as entidades integrantes que se propoñen como executantes:

- Non están incursas en ningún dos supostos sinalados como prohibición para obter a condición de beneficiario/a no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Están ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, de acordo co previsto no artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 9 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.
- Están ao día no pagamento das obrigas tributarias estatais e autonómicas e fronte á Seguridade Social e non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

4. Que a/as actuación/s para a/as cal/es se solicita subvención se desenvolven de maneira real, efectiva e exclusiva na Comunidade Autónoma de Galicia.

5. Que todo o persoal contratado que vai participar no programa/proxecto non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e o abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos, en aplicación do artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código civil, así como que as persoas voluntarias que van participar no programa/proxecto e que están relacionadas con menores de idade non teñen antecedentes penais non cancelados por delitos de violencia doméstica ou de xénero, por atentar contra a vida, a integridade física, a liberdade, a integridade moral ou a liberdade e indemnidade sexual do outro cónxuxe ou dos/das fillos/as, ou por delitos de tráfico ilegal ou inmigración clandestina de persoas, ou por delitos de terrorismo en programas cuxas persoas destinatarias fosen ou poidan ser vítimas destes delitos, en aplicación do previsto no artigo 8.4 da Lei 45/2015, do 14 de outubro, de voluntariado.

6. Que coñece as obrigas derivadas desta orde e demais normativa aplicable.

7. Que todas as persoas beneficiarias dos programas dirixidos á inclusión social das persoas, incluídos no anexo I, liña II, que se subvencionen coa orde están en situación ou risco de exclusión social, ou ben nunha situación de vulnerabilidade derivada da súa condición de inmigrante.

8. Que os itinerarios de inclusión inclúen, cando menos, as prestacións que a Carteira de servizos sociais de inclusión de Galicia considera indispensables e obrigatorias para a realización dun itinerario de inclusión de conformidade co Decreto 61/2016, do 11 de febreiro.

9. Que os programas de formación ou reforzo socioeducativo para os cales solicita, de ser o caso, subvención non están incluídos entre as prestacións dos programas de apoio á inclusión sociolaboral financiados dentro doutra convocatoria de axudas xestionada pola consellería da Xunta de Galicia con competencias en materia de política social.

10. Que para os programas que contén coa participación de persoal voluntario, a entidade subscribiu un seguro de responsabilidade civil e de accidentes que cobre as persoas voluntarias mentres dure a actuación subvencionable.

11. Que a entidade solicitante posúe, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, experiencia e especialización, durante un prazo mínimo de dous anos, na xestión e execución dos programas definidos do anexo I que se solicitan, así como os medios persoais e materiais necesarios para o desenvolvemento destes.

12. Que, de conformidade co establecido no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente, que se dispón da documentación que así o acredita, que se poñerá á disposición da Administración cando sexa requirida e que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente ao dito recoñecemento ou exercicio.

13. Que nos proxectos de execución de obras das liñas IV, V, VIII e IX dispón de titularidade suficiente sobre o inmovible por un prazo non inferior a cinco (5) anos, contado desde a data de publicación da convocatoria.

14. Que nos proxectos de execución de obras das liñas IV, V, VIII e IX, o representante da entidade solicitará as licenzas e permisos, no caso de que estes sexan exixidos pola normativa vixente de aplicación, segundo o tipo de obra de que se trate.

15. Que as persoas beneficiarias dos programas da liña VI son mulleres en situación de especial vulnerabilidade e as súas familias, de acordo co recollido no número 8 do artigo 5 desta orde.



DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

☐	Memoria explicativa sobre o programa obxecto da solicitude de subvención (anexo III), agás os programas relativos ás liñas IV, V, VIII e IX.												
☐	Memoria explicativa sobre o investimento obxecto da solicitude de subvención (anexo IV), no caso de proxectos incluídos dentro das liñas IV, V, VIII e IX do anexo I.												
☐	Información para a valoración das entidades (anexo V).												
	<table border="1"> <thead> <tr> <th></th> <th>ÓRGANO</th> <th>CÓD. PROC.</th> <th>ANO</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>☐</td> <td>Estatutos da entidade debidamente legalizados.</td> <td></td> <td></td> </tr> <tr> <td>☐</td> <td>Documentación acreditativa da representatividade da persoa solicitante para actuar en nome da entidade.</td> <td></td> <td></td> </tr> </tbody> </table>		ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO	☐	Estatutos da entidade debidamente legalizados.			☐	Documentación acreditativa da representatividade da persoa solicitante para actuar en nome da entidade.		
	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO										
☐	Estatutos da entidade debidamente legalizados.												
☐	Documentación acreditativa da representatividade da persoa solicitante para actuar en nome da entidade.												
Documentación acreditativa no caso de solicitudes presentadas por federacións, confederacións ou outras formas de agrupación con personalidade xurídica:													
☐	Declaración responsable en que consten relacionadas as respectivas entidades asociadas que representan.												
Documentación acreditativa no caso de solicitudes presentadas por agrupacións sen personalidade xurídica:													
☐	Documento dos compromisos de execución asumidos por cada membro e o importe da subvención que se vai aplicar a cada un.												
Documentación acreditativa dos requisitos establecidos no anexo I para as liñas IV, V, VIII e IX – Execución de obras:													
☐	Proxecto ou anteprojecto de obras, ou orzamento detallado e unha memoria abreviada asinada polo contratista (obras de menor contía).												
Documentación acreditativa dos requisitos establecidos no anexo I para as liñas IV, V e VIII – Adquisición de bens inmoables:													
☐	Orzamento detallado.												
☐	Certificado de persoa taxadora independente debidamente acreditada, inscrita no correspondente rexistro oficial, ou dun órgano ou organismo público debidamente autorizado, no cal se acredite que o prezo da compra non excede o valor do mercado.												
Documentación acreditativa dos requisitos establecidos no anexo I para as liñas IV, V, VIII e IX – Adquisición de subministracións, equipamentos ou vehículos:													
☐	Orzamento da empresa subministradora, con indicación do custo por unidade e do importe total das adquisicións que se pretenden realizar.												

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa representante	☐
Certificado sobre cumprimento de obrigas coa Seguridade Social	☐
Certificado sobre cumprimento de obrigas coa Administración pública da Comunidade Autónoma	☐
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS	AUTORIZO A CONSULTA
A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	
NIF da entidade solicitante	☐ Si ☐ Non
Certificado sobre o cumprimento de obrigas coa Axencia Estatal Tributaria	☐ Si ☐ Non



INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Política Social e Igualdade.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou o exercicio de poderes públicos, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RXP, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e as obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en (https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos).
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	(https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Orde do 16 de xuño de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca o procedemento para a concesión de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social, con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto de sociedades xestionado por esta consellería (código de procedemento BS623D).

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de

Secretaría Xeral Técnica

CVE-DOG: crlbj5q6-x8w8-6xu0-69v0-usbzpubyfn77



XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE

ANEXO III

MEMORIA EXPLICATIVA SOBRE O PROGRAMA OBXECTO DA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN
(deberase cubrir un para cada programa)

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

IDENTIFICACIÓN

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

RAZÓN SOCIAL

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

IDENTIFICACIÓN

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

ÁMBITO TEMPORAL DO PROGRAMA

Deberanse indicar os anos anteriores en que este programa foi financiado na mesma liña no marco das axudas para a realización de programas de interese xeral que atenden fins de carácter social con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas (dentro das 5 convocatorias anteriores)

DENOMINACIÓN DO PROGRAMA (debe coincidir coa actuación solicitada no anexo II)

LIÑA

ACTUACIÓN

PROGRAMA

ANO	Denominación do programa

COFINANCIAMENTO DO PROGRAMA

O programa conta con outras fontes de financiamento (propias o doutros organismos públicos ou privados):

☐ SI

- ☐ entre o 5 % e o 10 % do orzamento
☐ superior ao 10 % do orzamento

☐ NONXUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

**XUNTA
DE GALICIA**CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE**ANEXO III**
(continuación)**DESCRICIÓN DO PROGRAMA E ACTUACIÓNS**

1. Diagnóstico social da situación sobre a cal se pretende intervir

2. Obxectivos do programa

3. Contido técnico do programa

CVE-DOG: crlbj5q6-x8w8-6xu0-69v0-usbzpubyfn77

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADEANEXO III
(continuación)

DESCRIPCIÓN DO PROGRAMA E ACTUACIÓNS (continuación)

4. Innovación

5. Actividades do programa. Cronograma

Actividade	Persoas beneficiarias	Data de inicio	Data de fin

6. Número total de persoas beneficiarias directas deste programa

CVE-DOG: crlbj5q6-x8w8-6xu0-69v0-usbzpubyfn77

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADEANEXO III
(continuación)

DESCRIPCIÓN DO PROGRAMA E ACTUACIÓNS (continuación)

7. Criterios para a selección das persoas beneficiarias

--

8. Indicadores previstos para avaliar o programa

Obxectivo	Indicador	Resultado esperado

9. Localización territorial do programa

Provincia	Concello/s

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

DESCRIPCIÓN DO PROGRAMA E ACTUACIÓNS (continuación)

10. Entidades que participan na execución do programa

[illegible]

11. Orçamento do programa (recomendamos restringir o formato para que os importes sexan en euros e axustados a dous decimais)

Conceptos	Solicitado á Xunta de Galicia	Outras fontes de financiamento	Total
A. Gastos de persoal (debe coincidir co importe total indicado no número 12)			
B. Gastos correntes. Especifíquense:			
C. Axudas de custo e gastos de viaxe			
D. Xestión e administración			
TOTAL GASTOS			

12. Datos globais do equipo que realizará o programa e perfil profesional

Nº de persoas traballadoras	Titulación/categoría	Nº de horas semanais por traballador	Nº de meses	Retribución total	Seguridade Social por conta da entidade	Total
TOTAL						



DESCRIPCIÓN DO PROGRAMA E ACTUACIÓNS (continuación)

13. Persoal voluntario que colabora co programa

Cualificación/experiencia	Nº total	Funcións	Nº de horas dedicadas ao programa

14. Medios materiais e técnicos

15. Subcontratacións previstas

Descrición	Custo previsto

16. Descrición, se é o caso, da colaboración doutras entidades públicas ou privadas no financiamento do programa

Entidade	Contía

17. Outras consideracións, non incluídas nos puntos anteriores, que se considere necesario reflectir



SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

,

de

de

Secretaría Xeral Técnica

CVE-DOG: crlbj5q6-x8w8-6xu0-69v0-usbzpubyfn77



XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE

ANEXO IV

MEMORIA EXPLICATIVA SOBRE O INVESTIMENTO OBXECTO DA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN
(deberase cubrir un para cada proxecto de investimento)

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

IDENTIFICACIÓN

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
RAZÓN SOCIAL		

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

IDENTIFICACIÓN

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO

LIÑA
TIPO DE PROXECTO
DENOMINACIÓN DO PROXECTO

ÁMBITO TERRITORIAL DO PROXECTO

O proxecto desenvólvese en áreas rurais e/ou áreas rurais de alta dispersión (Decreto 99/2012, do 16 de marzo):

☐ SI ☐ NON

COFINANCIAMENTO DO PROXECTO

O proxecto conta con outras fontes de financiamento:

☐ SI ☐ NON
☐ entre o 5 % e o 10 % do orzamento
☐ superior ao 10 % do orzamento

EXECUCIÓN DO PROXECTO

A execución total ou parcial do proxecto de investimento concértase con centros especiais de emprego ou empresas de inserción laboral:

☐ SI ☐ NON

CVE-DOG: crlbj5q6-x8w8-6xu0-69v0-usbzpubyfn77

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

DESCRICIÓN DO PROGRAMA E ACTUACIÓNS

1. Fundamentación do proxecto

2. Obxectivos do proxecto

3. Contido técnico do proxecto

CVE-DOG: crlj5q6-x8w8-6xu0-69v0-usbzpubyfn77



DESCRIPCIÓN DO PROGRAMA E ACTUACIÓNS (continuación)

4. Innovación

5. Descrición das fases do proxecto de investimento

Descrición da fase	Data de inicio	Data de fin

6. Número total de persoas beneficiarias directas deste proxecto

7. Localización territorial do proxecto

Provincia	Concello/s



DESCRIPCIÓN DO PROGRAMA E ACTUACIÓNS (continuación)

8. Entidades que participan na execución do proxecto

[illegible]

9. Orzamento do proxecto

Conceptos	Solicitado á Xunta de Galicia	Outras fontes de financiamento	Total
A. Gastos de persoal (debe coincidir co importe total indicado no número 12)			
TOTAL GASTOS			

10. Descrición, se é o caso, da colaboración doutras entidades públicas ou privadas no financiamento do proxecto de investimento

Entidade	Contia



DESCRIPCIÓN DO PROGRAMA E ACTUACIÓNS (continuación)

11. Outras consideracións, non incluídas nas epígrafes anteriores, que se considere necesario reflectir.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

,

de

de

Secretaría Xeral Técnica

CVE-DOG: crlbj5q6-x8w8-6xu0-69v0-usbzpubyfn77



INFORMACIÓN PARA A VALORACIÓN DAS ENTIDADES

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

IDENTIFICACIÓN

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
RAZÓN SOCIAL		

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

IDENTIFICACIÓN

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO

ÁMBITO TERRITORIAL DAS ACTUACIÓNS E PROGRAMAS REALIZADOS POLA ENTIDADE OU CONFEDERACIÓN, FEDERACIÓN OU AGRUPACIÓN NO ÁMBITO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA NOS ÚLTIMOS DOUS ANOS

EXPERIENCIA NA XESTIÓN E EXECUCIÓN DOS PROGRAMAS NO ÁMBITO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Nº de anos de experiencia no desenvolvemento de programas de similar natureza que o solicitado para a subvención nos sete anos anteriores á publicación da convocatoria:

No caso de confederacións, federacións ou agrupacións, terase en conta a súa experiencia ou a das entidades que a integren; terase en conta, neste último caso, que para acadar a puntuación anterior debe contar coa experiencia exixida en cada un dos tramos anteriores un mínimo do 30 % das entidades integrantes.

CALIDADE NA XESTIÓN DA ENTIDADE

Conta co certificado de calidade en vigor con base na norma ONG con calidade ISO 9001:2015, EFQM ou outros sistemas de calidade que garantan o control de procesos e programas:

☐ Non conta co certificado ☐ Conta co certificado

No caso de solicitudes de confederacións, federacións ou agrupacións que non contén con certificado de calidade na xestión, deberá sinalar a porcentaxe das entidades asociadas que contén co dito certificado.

AUDITORÍA EXTERNA

A entidade está sometida a auditoría externa de contas.

☐ Non está sometida ☐ Está sometida

No caso de solicitudes de confederacións, federacións ou agrupacións, que non teñan auditoría externa de contas, deberá sinalar a porcentaxe das entidades asociadas que teñan a dita auditoría.

ORZAMENTO DA ENTIDADE, CONFEDERACIÓN, FEDERACIÓN, AGRUPACIÓN NO ÚLTIMO ANO, OU DA SÚA DELEGACIÓN NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA CANDO ESTA SEXA DE ÁMBITO NACIONAL



VOLUME DE INGRESOS PROCEDENTE DO FINANCIAMENTO OBTIDO DOUTRAS ENTIDADES PÚBLICAS OU PRIVADAS

Para o cálculo da porcentaxe do cofinanciamento das confederacións, federacións ou agrupacións, tense en conta a porcentaxe de financiamento obtida por todas as entidades que a integran respecto do orzamento total de todas elas.

PARTICIPACIÓN SOCIAL E VOLUNTARIADO

Para o cálculo do número de persoas voluntarias das confederacións, federacións ou agrupacións, tense en conta a suma do número de persoas voluntarias con que contan todas as entidades que a integran.

VALORACIÓN DOS RECURSOS HUMANOS DA ENTIDADE NO ÁMBITO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Para determinar o número total de persoas traballadoras, ou a porcentaxe das persoas traballadoras con antigüidade superior a dous (2) anos, persoas con discapacidade ou maiores de 45 anos contratadas nos dous últimos anos, das confederacións, federacións ou agrupacións, terase en conta a totalidade das persoas traballadoras contratadas na Comunidade Autónoma de Galicia de todas as entidades que as integran.

Nº total de persoas traballadoras da entidade:

% de persoas traballadoras con antigüidade superior a dous (2) anos:

% de persoas traballadoras con discapacidade:

Algunha persoa contratada que sexa perceptora da Risga ou estea en situación ou risco de exclusión social conforme o artigo 3 da Lei de inclusión social de Galicia: ☐ SI ☐ NON

No caso de confederacións, federacións ou agrupacións, contan con algunha persoa contratada nesta situación:

Algunha muller contratada que sexa vítima de violencia de xénero e que non se encontre en situación ou risco de exclusión social:

☐ SI ☐ NON

No caso de confederacións, federacións ou agrupacións, contan con algunha persoa contratada nesta situación:

% de persoas empregadas maiores de 45 anos contratadas nos dous (2) últimos anos:

PLANS DE IGUALDADE

A entidade ten un plan de igualdade nos termos previstos na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, e no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro.

☐ Non conta con plans de igualdade ☐ Conta con plans de igualdade

No caso de solicitudes de confederacións, federacións ou agrupacións que non contan con plans de igualdade, deberá sinalar a porcentaxe das entidades asociadas que teñan o dito plan.

De conformidade co establecido no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, declaro, baixo a miña responsabilidade, que os datos achegados neste anexo son certos e dispoño da documentación que así o acredita, que a poñerei á disposición da Administración cando me sexa requirida, e que me comprometo a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente ao dito recoñecemento da subvención ou exercicio.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de

Secretaría Xeral Técnica

CVE-DOG: crlbj5q6-x8w8-6xu0-69v0-usbzpubbyfn77

